A maiores, cabe destacar que a creación das figuras dos delegados e delegadas territoriais non ten suposto ata a data ningunha mellora na administración dos asuntos ordinarios das galegas e dos galegos, e á vista

 Grupo Parlamentario

da súa nula repercusión supón un claro despilfarro, dado que se ten demostrado que son postos prescindibles.

Tendo en conta a necesidade de facer recortes económicos nos orzamentos da comunidade autónoma e coñecendo o fiasco que teñen suposto as novas figuras dos delegados e delegadas territoriais, os socialistas galegos consideramos necesario que o Goberno galego explique que decisións ten pensado tomar para facer máis eficiente a estrutura periférica da Xunta de Galicia e rectificar así o erro cometido cando creou as delegacións territoriais en maio do ano 2009.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a reformar a estrutura periférica da Xunta de Galicia suprimindo a figura dos delegados e delegadas territoriais, o que contribuirá tamén a diminuír o gasto corrente da administración autonómica, debido á súa nula eficacia na mellora dos servizos que a Xunta de Galicia presta aos cidadáns dende a denominada administración periférica.


Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 27/08/2010 11:17:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/08/2010 11:17:25

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Álvarez** e da súa deputada **Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia, como o resto dos territorios desenvolvidos, necesita para competir no mercado global unha mellora na competitividade xeral da súa economía.

O mensaxe, está claro, é imprescindible unha sociedade e unha economía mais baseadas no coñecemento. Este mensaxe non é novo, o novo é a urxencia e a contundencia do mesmo. A economía do coñecemento xa non é unha opción; falamos dun factor fundamental para unha saída sostible do noso desenvolvemento futuro.

Lamentablemente, a política do Goberno de Núñez Feijoo en relación coa investigación e o desenvolvemento e, literalmente, inexistente. Este Goberno limitouse a continuar nalgúns casos coas liñas de apoio a investigación e o desenvolvemento que formulara o anterior Goberno, atacando noutro casos dunha forma sectaria a herdanza recibida, como por exemplo co desmantelamento da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento.

Resulta evidente que esta falla de iniciativa política comeza a ter os seus resultados; a carencia total de oportunidades e alternativas para aquelas persoas que queren dedicar a súas carreiras profesionais á investigación. Neste ámbito, moi competitivo, quedarse quietos, é retroceder, aínda que parece que o presidente Feijoo e o conselleiro Guerra non lles preocupa, sempre podemos competir vía salarios, externalizando as nosas producións.

Pero as alternativas teñen que ser outras. E os exemplos deste desgoberno, moitos, como exemplo, en decembro deste ano 2010 rematan os fondos



Grupo Parlamentario

européos que permitiron desenvolver o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), e os máis de 3.000 novos investigadores que traballan en Galicia non teñen ningunha información sobre a súa carreira profesional máis alá dese momento.

Indubidablemente, esta incerteza afecta aos rendementos da súa investigación, e supón, en termos agregados, un importante custo para a competitividade, non só do noso sistema de investigación, senón do conxunto da economía.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar un Plan de desenvolvemento e consolidación das carreiras profesionais dos investigadores galegos que permita que non se interrompan as súas bolsas e contratos ó rematar o ano 2010.”

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2010

Asdo.: Abel Losada Álvarez

Concepción Burgo López

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga


Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/08/2010 11:49:59

María Concepción Burgo López na data 27/08/2010 11:50:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/08/2010 11:51:07

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Carmen Acuña do Campo** e do seu deputado **Abel Losada Álvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A crise económica, sumada á propia crise da construción, se ten cobrado moitas vítimas no sector da lousa e moi especialmente no gremio dos colocadores.

Os colocadores de lousa, ese colectivo de traballadores que, partindo na súa maior parte de Valdeorras, se distribuían por todo o Estado español garantindo a adecuada colocación dese material tan útil para a construción dos tellados, especialmente en determinadas climatoloxías.

Traballadores que dispoñen ademais da formación necesaria para sacarlle a lousa o seu mellor rendemento, non só como illante ante auga ou neve, senón tamén como material aliado para un correcto aforro enerxético nas vivenda.

Pero a crise da construción e o descenso na obra nova, ten provocado que este colectivo se teña reducido alarmantemente.

Actualmente quedan tan só colocando lousa a metade dos traballadores que había ata fai pouco nesa actividade.

Coa desaparición dos colocadores teríamos que deixar de utilizar a lousa, pois son eles os únicos saben como facelo adecuadamente para que cumpra co propósito que se lle esixe a unha cuberta.

Existen axudas da administración autonómica para outros sectores moi prexudicados pola crise económica, pero os socialistas coidamos que se deben poñer en marcha tamén medidas específicas para o sector da lousa, un sector que esta ameazado e pon en perigo o futuro das explotacións.



Grupo Parlamentario

A Administración ten que impulsar medidas nas vivendas que garantan o aforro enerxético e isto se pode lograr actuando sobre as cubertas das vivendas, sobre os tellados, buscando un adecuado illamento térmico.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que contemple nos próximos orzamentos do ano 2011 unha liña de axudas específicas para a restauración de tellados de lousa, no marco das políticas de aforro enerxéticas.

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2010

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Abel Losada Álvarez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña Docampo na data 27/08/2010 13:18:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/08/2010 13:19:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/08/2010 13:19:11



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo e José Manuel Baltar Blanco, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

Un dos recursos importantes na asistencia sanitaria é dispoñer de tecnoloxía que permita abordar dun xeito óptimo tanto o aspecto diagnóstico como terapéutico.

O asunto da tecnoloxía cobra especial importancia na atención máis especializada xa que na mesma faise necesario, en moitas ocasións, dispoñer dunha “alta tecnoloxía” para o diagnóstico e tratamento dos pacientes.

En moitos dos nosos complexos hospitalarios a alta tecnoloxía leva anos sen cambiar e actualizar, polo que se fai necesario darlle unha solución a este importante asunto.

Por isto,

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Implantar un modelo de xestión que permita renovar a alta tecnoloxía dos centros hospitalarios na Comunidade Autónoma.
- 2.- Que o modelo implantado permita á Consellería de Sanidade xestionar os seus recursos de forma eficiente.



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 13:33
Nº Rexistro: 46743
Data envío: 27/08/2010 13:33:31.331

3.- Que o modelo garanta a dotación dos centros que se constrúan na Comunidade de alta resolución.”

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 27/08/2010 13:18:20

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/08/2010 13:18:25

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 27/08/2010 13:18:28

Dámaso López Rodríguez na data 27/08/2010 13:18:32

María Ángeles Díaz Pardo na data 27/08/2010 13:18:37

José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 27/08/2010 13:18:42



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, José Antonio García López, Marta Rodríguez Arias, Paula Prado del Río, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo, Alberto Sueiro Pastoriza e José Manuel Baltar Blanco, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

Na elaboración dun Plan estratéxico e moi importante que se teña en conta a situación de partida.

O Plan Estratéxico SERGAS 2014 ten que valorar aspectos tan importantes como:

- Gasto sanitario.
- Actividade asistencial.
- Recursos.
- Demografía.
- Etc.

Consideramos que todos estes aspectos e algún máis son moi importantes para ter en conta na elaboración dun Plan Estratéxico.

Por todo isto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que na elaboración do Plan Estratéxico SERGAS 2014 teña en conta os seguintes puntos de situación de inicio:

- Valoración da sanidade.
- Estado de saúde da Comunidade Autónoma.
- Demografía da Comunidade Autónoma.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

- Gasto sanitario.
- Actividade asistencial.
- Dotación de recursos.
- Profesionais e innovación.”

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 27/08/2010 12:46:45

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/08/2010 12:46:50

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 27/08/2010 12:46:53

José Antonio García López na data 27/08/2010 12:46:57

Marta Rodríguez Arias na data 27/08/2010 12:47:03

Paula Prado del Río na data 27/08/2010 12:47:07

Dámaso López Rodríguez na data 27/08/2010 12:47:10

María Ángeles Díaz Pardo na data 27/08/2010 12:47:15

Alberto Sueiro Pastoriza na data 27/08/2010 12:47:19

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 27/08/2010
12:47:23**



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, José Antonio García López, Marta Rodríguez Arias, Paula Prado del Río, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo, Alberto Sueiro Pastoriza e José Manuel Baltar Blanco, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

Ante un entorno de crise económica que fai necesario o xestionar eficientemente os recursos, convértese en prioridade facer un proceso de cambio no que o rigor e a austeridade sexan principios básicos que sirvan como eixo de tódalas accións da Consellería de Sanidade.

Este proceso de cambio que se ten que desenvolver, ha de estar baseado fundamentalmente nos pacientes e nos profesionais.

Por todo isto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia que no Plan estratéxico se teñan en conta os seguintes principios:

- 1.- Garantir os dereitos dos cidadáns.
- 2.- Centrara a organización no paciente.
- 3.- Facer un seguimento integral do paciente en todo o continuo asistencial.
- 4.- Dar maior participación e protagonismo na toma de decisións.
- 5.- Optimizar os dispositivos asistenciais integrados.
- 6.- Modernizar e humanizar o sistema público de saúde de Galicia.”

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2010



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 13:34
Nº Rexistro: 46745
Data envío: 27/08/2010 13:34:06.330

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 27/08/2010 12:47:53

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/08/2010 12:47:58

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 27/08/2010 12:48:01

José Antonio García López na data 27/08/2010 12:48:06

Marta Rodríguez Arias na data 27/08/2010 12:48:12

Paula Prado del Río na data 27/08/2010 12:48:15

Dámaso López Rodríguez na data 27/08/2010 12:48:20

María Ángeles Díaz Pardo na data 27/08/2010 12:48:24

Alberto Sueiro Pastoriza na data 27/08/2010 12:48:27

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 27/08/2010
12:48:36**



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo e José Manuel Baltar Blanco, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

O Servizo galego de Saúde necesita dun instrumento básico que permita a planificación eficiente das necesidades de recursos humanos, así como a súa dimensión axeitada á mellor distribución en función das necesidade asistenciais.

Ata agora non existe ese instrumento básico, ademais no momento actual faise necesario un ordenamento dos recursos humanos dentro dun marco de austeridade.

Por todo isto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver un plan de ordenación dos recursos humanos para o persoal estatutario do Servizo galego de Saúde.
- 2.- Dar conta da información do contido do plan en Sede Parlamentaria.”

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 27/08/2010 13:14:37



***Grupo Parlamentario
Popular de Galicia***



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 13:36
Nº Rexistro: 46746
Data envío: 27/08/2010 13:36:32.638

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/08/2010 13:14:42

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 27/08/2010 13:14:48

Dámaso López Rodríguez na data 27/08/2010 13:14:55

María Ángeles Díaz Pardo na data 27/08/2010 13:15:00

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 27/08/2010
13:15:05**



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, José Antonio García López, Marta Rodríguez Arias, Paula Prado del Río, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo, Alberto Sueiro Pastoriza e José Manuel Baltar Blanco, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

A xestión por procesos supón abordar tamén a xestión integrada de enfermidades crónicas, todo isto para conquistar uns bos resultados clínicos.

A xestión integrada de enfermidades crónicas supón un enfoque especial e específico para cada grupo de pacientes con enfermidades crónicas, prestando especial atención a pacientes pluripatolóxicos e aos pacientes con cancro.

Por todo isto,

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Que os programas de intervención nas patoloxías crónicas contemplen unha estratificación de pacientes segundo o nivel de complexidade.
- 2.- Que se poña en marcha un sistema que dea resposta aos pacientes crónicos no que sexan identificados, tratados e dados de alta os pacientes cun plan preventivo e un seguimento monitorizado.”

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2010



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 13:37
Nº Rexistro: 46747
Data envío: 27/08/2010 13:37:35.777

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 27/08/2010 13:35:19

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/08/2010 13:35:23

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 27/08/2010 13:35:26

José Antonio García López na data 27/08/2010 13:35:32

Marta Rodríguez Arias na data 27/08/2010 13:35:36

Paula Prado del Río na data 27/08/2010 13:35:38

Dámaso López Rodríguez na data 27/08/2010 13:35:41

María Ángeles Díaz Pardo na data 27/08/2010 13:35:47

Alberto Sueiro Pastoriza na data 27/08/2010 13:35:50

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 27/08/2010
13:35:54**



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo e José Manuel Baltar Blanco, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

Fai xa algún tempo que se ven observando un progresivo e significativo envellecemento do persoal do Servizo Galego de Saúde.

Isto ven a significar que posiblemente un importante número de efectivos podería deixar de prestar os seus servizos profesionais nos vindeiros catro anos.

Co fin de paliar ou reducir o impacto que o citado envellecemento pode ocasionar na asistencia sanitaria faise necesario que dende a administración se adopten unha serie de medidas.

Por isto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Implantar medidas relativas á ordenación dos recursos humanos.
- 2.- Implantar medidas de carácter formativo.
- 3.- Promover medidas de conciliación da vida familiar e laboral.
- 4.- Promover medidas no ámbito da seguridade e saúde laboral.



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 13:43
Nº Rexistro: 46748
Data envío: 27/08/2010 13:43:02.925

5.- Promover medidas de carácter organizativo.”

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 27/08/2010 13:15:54

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/08/2010 13:16:06

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 27/08/2010 13:16:09

Dámaso López Rodríguez na data 27/08/2010 13:16:14

María Ángeles Díaz Pardo na data 27/08/2010 13:16:19

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 27/08/2010
13:16:23**



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento


Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu José Manuel Lage Tuñas e do seu deputados e portavoz Xoaquín María Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno, co obxecto de impulsar a redución da administración institucional da Xunta de Galicia e particularmente a eliminación da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e as 34 fundacións comarcais creadas pola Xunta de Galicia, entre outras.**

A actual conxuntura de crise económica, caracterizada polo elevado desemprego, o débil crecemento económico e a caída dos ingresos públicos, fai imprescindible establecer para o conxunto dos poderes públicos en xeral e para Xunta de Galicia en concreto, un conxunto de actuacións que contribúan á superación da actual situación, comezando por tomar decisións que permitan racionalizar a administración pública e facela máis eficiente.

O presidente da Xunta de Galicia ten feito durante o ano 2009 anuncios publicitarios dunha suposta “racionalización” da administración institucional da Xunta de Galicia, o que teoricamente debería tido consecuencias prácticas durante o ano 2010, dadas as necesidades orzamentarias e a mellor xestión da administración pública que debe ter como obxectivo todo Goberno.

Nin durante o ano 2009 nin durante o ano 2010 o Goberno galego ten tomado decisións de alcance que teñan suposto a desaparición dunha serie de organismos e sociedades creados durante os 16 anos de Goberno do Partido Popular (1990-2005), a pesares da queixa permanente que exerce o presidente da Xunta sobre os recortes orzamentarios que sofre a comunidade autónoma.

En abril do ano 2010, unha vez máis o presidente da Xunta de Galicia anunciaba que ía “adelgazar” a administración paralela e comezaría a eliminar organismos e sociedades dependentes.

 Grupo Parlamentario

Tanto o Sr. Núñez Feijóo como o Sr. Rueda Valenzuela, conselleiro da Presidencia, fixeron fincapé tanto no ano 2009 como no comezo do ano 2010 na necesidade de eliminar a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e tamén as 34 fundacións comarcais dela dependentes.

Pero un ano e medio despois da toma de posesión de Alberto Núñez Feijoo como presidente da Xunta sigue existindo a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e tamén as 34 fundacións comarcais dela dependentes, o que amosa ou unha deficitaria xestión dos acordos tomados, ou ben unha campaña de marketing sen consecuencias nin decisións.

A Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural, xa contemplaban a desvinculación da Xunta de Galicia das Fundacións Comarcais e o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo só tiña que desenvolver os correspondentes decretos para materializar o final da aventura iniciada polos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia cando impulsaron a Lei de Desenvolvemento Comarcal, as fundacións comarcais e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

A supresión da SODECO e das Fundacións Comarcais podería supoñer un aforro estimado non inferior aos seis millóns de euros, o que tería suposto xa no ano 2010 unha importante axuda para as arcas autonómicas pero o goberno galego parece máis preocupado de buscar responsabilidades fóra de Galicia que de exercer as súas competencias e gobernar o país.

Tendo en conta a necesidade de impulsar unha racionalización real da administración institucional da Xunta de Galicia e co obxecto de que se proceda con urxencia á supresión da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e tamén as 34 fundacións comarcais dela dependentes, consideramos importante actuar con urxencia para que os recortes



Grupo Parlamentario

orxamentarios que teña que facer o Goberno se fagan sobre o gasto improdutivo e non sobre as políticas públicas necesarias.

Dado que o Goberno galego ten feito moitos anuncios pero ten tomado poucas decisións ao respecto, entendemos necesario que se axilice a redacción da administración paralela de xeito efectivo para poder afrontar o exercicio orxamentario do ano 2011 cunha administración pública galega máis eficiente e cun organigrama máis simplificado que aporte axilidade na xestión pública.

Polo anteriormente exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a proceder á reestruturación do sector público autonómico, activando o **adelgazamento da chamada “Administración paralela” ou “Administración Institucional”**, levando a cabo:

- a) No prazo de dous meses e antes de que finalice o ano 2010, e de acordo coa normativa en vigor e a Lei 12/2008, a disolución da totalidade das fundacións comarcais para o desenvolvemento comarcal de Galicia.
- b) Antes de que finalice o ano 2010, a disolución do resto de organismos e entidades, de acordo co aprobado no Consello da Xunta de Galicia de 24 de abril de 2010, así como:
 - b.1.) Integrar no IGAPE as funcións, recursos, persoal e patrimonio do Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. (BIC Galicia), procedendo a súa disolución..
 - b.2.) Unificar nunha única entidade, ás Sociedades Sodiga Galicia, S.C.R., S.A. e Xes Galicia S.G.E.C.R., S.A., incluíndo dentro da mesma ao INESGA (Inversións Estratéxicas de Galicia S.A.).



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

b.3.) Fusionar as catro empresas provinciais Xestures, nunha única Xestur – Galicia, logo dos trámites oportunos e negociacións co resto do accionariado actual das devanditas empresas públicas.

Pazo do Parlamento, 30 de agosto de 2010

Asdo.: Jose Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputado e portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 30/08/2010 11:55:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/08/2010 11:55:39



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 11:29
Nº Rexistro: 46960
Data envío: 31/08/2010 11:29:52.735

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias da deputada María do Carme Adán Villamarín e do deputado Bieito Lobeira Domínguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

O Estatuto de Autonomía de Galiza recolle no seu artigo quinto a condición do galego como lingua propia de Galiza, así como, a obriga dos poderes públicos de potenciar o emprego do mesmo en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. Sen embargo, por primeira vez logo da aprobación do Estatuto, da Lei de Normalización Lingüística e do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega se inicia un camiño de retroceso normativo a través do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario. Este decreto, aprobado logo dun grande período de rexeitamento ás súas bases e de confrontación social, significa que a lingua galega queda desasistida en aspectos tan importantes como a educación infantil ou no ámbito da educación científico-tecnolóxica.

É unha obviedade argumentar sobre a importancia que ten a ciencia e a tecnoloxía na nosa sociedade. A súa dimensión formativa e cultural queda patente pola súa implicación en calquera actividade cotiá. De aí que a adquisición dun vocabulario rico e extenso nesta área do saber é un aspecto formativo importante para o alumnado no seu futuro académico, laboral e tamén para relacionarse coa sociedade



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 31/08/2010 11:29

Nº Rexistro: 46960

Data envío: 31/08/2010 11:29:52.735

cada vez máis tecnolóxica na que vive.

Sen embargo, o Goberno galego renuncia á posta en marcha dun proceso de normalización da lingua galega no ámbito científico e tecnolóxico que nas últimas décadas sumara os esforzos dunha grande cantidade de docentes e investigadores por fixar a lingua e adaptar os neoloxismos das disciplinas científicas e tecnolóxicas. Neste sentido, hai só uns meses, a Real Academia Galega anunciaba que procurará no brasileiro unha terminoloxía axeitada para os neoloxismos vinculados a unha disciplina emerxente, a Ciencia do Solo. Como xa hai anos fixeron moitos outros científicos/as e profesorado para poderen desenvolver a súa ciencia ou dar as súas aulas en galego.

O Goberno galego e a administración teñen a obriga de contribuír de forma consciente a crear un ambiente favorábel para o recoñecemento social do galego. Do mesmo xeito que unha planta ou un animal precisa dunhas condicións ambientais determinadas para se desenvolver, tamén así unha lingua que se encontre nunha situación minorizada, como lle ocorre ao galego necesita desas condicións. Por iso limitar a presenza do galego nun ámbito tan importante como é o científico e tecnolóxico contribúe a reforzar estereotipos do tipo "o galego non é apto para as matemáticas". Do mesmo xeito, priva ao alumnado da adquisición dun vocabulario específico en galego que terá moitas dificultades para poder adquirilo coa rigorosidade que este require fora da escola.

A competencia lingüística non é unha cuestión de horarios senón de resultados.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 11:29
Nº Rexistro: 46960
Data envío: 31/08/2010 11:29:52.735

O resultado de excluír o galego nas materias científicas implica que o alumnado galego non acade a competencia lingüística plena. E ademais recorta o dereito do profesorado de ciencias a impartir as aulas na lingua propia de Galiza, aspecto que tamén limita e pode chegar a ser demoledor para a normalización da lingua galega no facer científico galego.

O decreto 79/2010 limita dereitos do profesorado e priva ao alumnado da necesaria adquisición dun vocabulario extensión en lingua galega ao excluír un ámbito de coñecemento de grande transcendencia na actualidade. O decreto é claramente regresivo e incide de forma directa nas condicións laborais impondo unhas pautas de traballo que conculcan dereitos lingüísticos consagrados por normas de rango superior como a Lei de Normalización Lingüística ou a Carta Europea das Linguas rexionais ou minorizadas. Por último, cómpre lembrar que a respecto deste decreto, que quebra a progresividade de normalización lingüística, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) xa admitiu a trámite o recurso presentado pola Mesa pola Normalización Lingüística. Asemade, a propia RAG ou os sindicatos de ensino de Galiza tamén recorreron dito decreto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza:

1. A respectar o dereito do profesorado de ciencias, tal como recolle a Lei de Normalización Lingüística de Galiza e a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, a impartir as aulas en galego.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 11:29
Nº Rexistro: 46960
Data envío: 31/08/2010 11:29:52.735

2. A que ningún profesor/a sufrirá represalias por exercer este dereito.
3. A garantir a existencia e publicación de material didáctico no ámbito científico-tecnolóxico.
4. A autorizar que os centros de ensino que o desexen poidan empregar os libros en galego das materias científicas que aínda se rexen polo sistema de gratuidade baseado no préstamo polo aforro económico e ecolóxico que isto implica para as familias galegas."

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2010

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 31/08/2010 11:28:33

Bieito Lobeira Domínguez na data 31/08/2010 11:28:39



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 11:43
Nº Rexistro: 47019
Data envío: 01/09/2010 11:43:53.119

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Jaime Castiñeiras Broz, Alejandro Gómez Alonso e José López Campos, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

O Estatuto de Galicia confírelle á Comunidade Autónoma a plena competencia en materia de política de vivenda. Non obstante no 2005 o Estado crea de xeito artificioso o Ministerio de Vivenda, coa finalidade de dirixir de xeito indirecto as iniciativas autonómicas nesta materia.

O intervencionismo estatal materialízase na implementación dos sucesivos Plan de Vivenda que de xeito plurianual, levan a condicionar as liñas de intervención e as estratexias en materia de vivenda de Galicia. En ditos plan os fondos estatais e os autonómicos fixan uns obxectivos e unhas liñas finalistas na programación orzamentaria das administracións estatal e autonómica.

O último Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, asinado no seu momento entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Vivenda, acorda uns fondos económicos e unhas liñas programáticas que, sen embargo e de xeito unilateral e sen ningún tipo de consenso, foron rachadas recentemente na última Conferencia Sectorial do Plan Estatal de Vivenda, ó pouco tempo de ser asinado dito Plan.

A pésima planificación do goberno socialista nesta materia ven a materializarse de facto nun recorte de 150 millóns de euros que Galicia deixará de recibir do Estado, e tamén nunha clarísima intromisión competencial, que denota claramente un descoñecemento das singularidades de Galicia en materia de vivenda, pois fai desaparecer liñas de especial importancia en



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 11:43
Nº Rexistro: 47019
Data envío: 01/09/2010 11:43:53.119

Galicia, tales como as oficinas de rehabilitación na súa faceta de portelos únicos, ou das axudas directas para a compra de vivenda protexida.

Tendo en conta que as políticas de vivenda son competencia exclusiva de Galicia, e que os gastos que supón manter unha estrutura ministerial vai en detrimento das axudas a percibir polos galegos e galegas que desexan acollerse ós obxectivos do Plan de Vivenda, é polo que:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado solicitando a supresión do Ministerio de Vivenda, como medida de austeridade, e que os gastos que supón manter esta estrutura administrativa se dediquen a reforzar orzamentariamente as liñas do Plan de Vivenda 2009-2012, para que este poida aplicarse, sen dirixismo estatal, nas liñas programáticas de maior incidencia en Galicia.”

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 01/09/2010 11:13:31

Román Rodríguez González na data 01/09/2010 11:13:40

Jaime Castiñeira Broz na data 01/09/2010 11:13:49

Alejandro Gómez Alonso na data 01/09/2010 11:13:58

José Carlos López Campos na data 01/09/2010 11:14:06

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



***Grupo Parlamentario
Popular de Galicia***



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 11:43
Nº Rexistro: 47019
Data envío: 01/09/2010 11:43:53.119

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 13:32
Nº Rexistro: 47062
Data envío: 01/09/2010 13:32:16.794

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias das deputadas **María do Carme Adán Villamarín**, **María Teresa Táboas Veleiro** e o deputado **Henrique Viéitez Alonso** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

Durante o verán de 2009 o Goberno galego asumiu unilateralmente as negociacións coas liñas de baixo custe. Afirmaba naquel momento o goberno a través da Consellaría de Cultura e Turismo que isto axudaría ao desenvolvemento dos tres aeroportos galegos xa que se poñería en marcha un Comité de Rutas Aéreas. O certo é que durante o ano 2010 o Goberno galego gastou a cantidade de 4,5 millóns de euros na promoción das liñas de baixo custe. Tres foron os novos destinos internacionais, nomeadamente, Bruxelas, Amsterdam e Zurich e a compañía beneficiaria desta adxudicación, Vueling. Esta decisión foi tomada sen que mediara un concurso público, de xeito unilateral por parte do Goberno galego e sen contar cos concellos implicados.

En Vigo a ruta elixida foi a de Vigo-Bruxelas. A piques de rematar a tempada estival o balance de pasaxeiros e operacións semella positivo xa que no mes de xullo se alcanzou unha ocupación do 67,18%. Aínda que Peinador foi aumentando progresivamente o número de pasaxeiros está aínda sen decidir se este destino se manterá.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 13:32
Nº Rexistro: 47062
Data envío: 01/09/2010 13:32:16.794

Temos que ter presente que a competencia do aeroporto internacional de Sá Carneiro de Porto afecta de xeito prioritario ao aeroporto de Vigo. De aí que o Concello de Vigo elaborara un Plan Estratéxico de Peinador que se lle presentou á Secretaria Xeral de Turismo para que puidera dar conta con posterioridade ao Comité de Rutas que é o organismo encargado de levar a cabo as negociacións.

O Plan aposta decididamente polo aumento das frecuencias con Barcelona, que suporía un crecemento de entre 50.000 e 60.000 pasaxeiros ao ano, así como manter os vós con Madrid, Bilbao e Valencia e potenciar as conexións coas Illas Canarias. Neste sentido, un dos obxectivos é para manter as liñas con Bilbao e Valencia afondando nas negociacións con Air Nostrum. A liña a Bilbao considérase sumamente interesante, posto que se trata dunha liña tanto de turismo como de negocios, que poderían supoñen un incremento de 20.000 pasaxeiros/as.

Respecto ás conexións internacionais, o Plan presentado inclúe o reto de incrementar a frecuencia con París, manter a liña con Londres e implantar un novo voo a Munich, ademais do de Bruxelas. Sen embargo, para cumprir estes obxectivos é fundamental que a Xunta se implique decididamente e até o momento as liñas descritas no Plan non foron abordadas nin se están abordando nin pola Xunta nin polo Comité de Rutas

Ante esta situación:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a apoiar decididamente a posta en marcha do Plan Estratéxico de Peinador elaborado pola Concellería de Turismo de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 01/09/2010 13:32

Nº Rexistro: 47062

Data envío: 01/09/2010 13:32:16.794

Vigo que contempla diversas medidas co obxectivo de mellorar a posición do aeroporto de Vigo e incrementar o seu número de pasaxeiros/as"

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2010

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Teresa Táboas Veleiro

Henrique Viéitez Alonso

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 01/09/2010 13:23:44

Teresa Táboas Veleiro na data 01/09/2010 13:23:52

Henrique Viéitez Alonso na data 01/09/2010 13:23:59

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 01/09/2010 13:24:25



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e da deputada **Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, relativa á formación e recolocación das persoas afectadas polo peche co centro de traballo que a empresa Tréves tiña na Avenida de Vigo en Pontevedra.

A empresa Tréves-Galicia, adicada á fabricación de compoñentes téxtiles e plásticos para el revestimento interior de automóbiles pechou, a fins do ano pasado, o seu centro de traballo que tiña na Avenida de Vigo, extinguindo 133 empregos que, na súa maioría, eran traballadoras.

Nas reunións mantidas entre a representación das traballadoras e a dirección da empresa que tiveron lugar na delegación do Goberno galego, e nas que tamén participou a Xunta de Galiza por medio da xefa territorial de Traballo, houbo un compromiso co plantel para poñer en marcha un plan de formación vinculado ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización para o sector do téxtil, co claro obxectivo de integrar ao persoal noutros sectores. Con esta medida, permitiríase ás traballadoras e traballadores buscarlle unha saída noutras actividades produtivas como o sector da automoción. A oferta chegaba ao compromiso de darlle prioridade a estas traballadoras e traballadores á hora da recolocación mediante a elaboración dunha lista precedente de contratación para empresas de automoción que recibiran subvencións da Xunta. En definitiva, a implicación do Goberno galego foi directa e comprometeuse a realizar todos os esforzos e as actuacións precisas para manter o emprego.

Pasados mais de oito meses dos compromisos adquiridos polo Goberno galego non so non se teñen cumprido, senón que nada se saben deles co agravante de que as accións formativas para unha posíbel recualificación profesional non se desenvolveron e posibelmente teñan enormes dificultades para a súa concreción, xa que a solicitude de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contribución financeira de 1.844.700 euros sobre un total de 2.838.000 proveñen do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) é referida a 703 despedidos rexistrados en 82 empresas cuxa actividade corresponde á división 14 da NACE 2 Revisión 2 (Confección de prendas de vestir) na rexión NUTS II de Galiza.

Dado que a clasificación da empresa Tréves Galicia esta encadrada noutra actividade xorden diversas interrogantes entre o conxunto das persoas ex-empregadas de Tréves Galicia o que nos obriga a presentar a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a:

1º) cumprir os compromisos adquiridos cos traballadores e traballadoras afectados polo expediente de regulación de emprego da empresa Tréves Galicia.

2º) A elaborar a lista precedente de contratación para empresas de automoción que recibiran e recibirán subvencións da Xunta.

3º) A adoptar as medidas oportunas para, antes de fin de ano, poñer en marcha as accións formativas adecuadas e dotar da cualificación profesional precisa que permita a recolocación destas persoas neste ou noutros sectores.

4º) A manter as xuntanzas necesarias para abrir un camiño de interlocución co anterior Comité de empresa e facilitar a consecución dos obxectivos antes descritos.

Santiago de Compostela, 30 de agosto do 2010.


Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 01/09/2010 14:24:34

Teresa Táboas Veleiro na data 01/09/2010 14:24:40

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 01/09/2010 14:24:42

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Guillermo Meijón Couselo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O pasado 10 de xullo de 2009, a Consellería de Educación acordaba cos sindicatos docentes FETE-UGT, CCOO, ANPE e STEG os criterios que determinarían o agrupamento de alumnado de diferentes niveis, cursos ou ciclos tanto de educación infantil como de educación primaria.

O documento asinado foi trasladado por parte da Consellería de Educación á opinión pública como un importante éxito e que respondía a unha actuación do goberno para non crear agravios comparativos no rural, na Galicia interior.

Obviamente os sindicatos asinantes rebaixaban con moito as soflamas do Conselleiro de Educación aseverando que coa firma do citado texto trataban de evitar peches masivos de aulas en Galicia.

Dende o primeiro momento a Consellería de Educación tratou de evitar cumprir os compromisos acordados. Os sindicatos denunciaron dende o primeiro momento irregularidades coas que a Xunta tentaba non acometer o incremento de unidades pactado, por exemplo denominando novas unidades a aulas que xa estaban en funcionamento o curso anterior.

De todas formas, e pese a todo, o que ninguén esperaba é que a Consellería de Educación tivera a intención de rachar os seus compromisos para o curso 2010-11. Así, de forma unilateral, a administración educativa, na comisión de seguimento celebrada o pasado 9 de xullo de 2010, anunciaba que non pensaban cumprir coa segunda fase do acordo correspondente ao curso 2010-11. Unha decisión que implica na práctica non asumir á creación do 50% restante de novas unidades de infantil e primaria comprometidas no texto asinado, aproximadamente 80 unidades de nova creación e preto dun centenar de prazas docentes.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte
Proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir cos
compromisos adquiridos relativos ao agrupamento de alumnado de
diferentes niveis, cursos ou ciclos tanto de educación infantil como de
educación primaria en base ao texto acordado entre a propia administración
e as organizacións sindicais asinantes con data do 10 de xullo de 2009.

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2010

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 01/09/2010 14:19:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/09/2010 14:19:38



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo e José Manuel Baltar Blanco, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición Non de Lei en Pleno.

Exposición de Motivos

A través dos estatutos vixentes da Fundación Privada Galicia Saúde, esta ten encomendada a xestión e administración da área hospitalaria da Mutual do Centro Galego de Bos Aires co compromiso de dar cobertura aos seus asociados relacionados ou non con Galicia.

Por unanimidade do Padroado acordouse en 2002 asinar un contrato de xestión sanitaria entre o Centro Galego de Bos Aires e a Fundación Galicia Saúde que prevía, na súa cláusula sexta, a resolución deste contrato que durante dous exercicios consecutivos ou 3 alternos, nun período de 5 anos de xestión, deran resultados negativos.

Estas circunstancias veñen dándose dende que no ano 2006, baixo a tutela do goberno dos socialistas galegos, e co o auspicio do Goberno socialista do Reino de España, comezara unha carreira sen retorno constituíndo obras sociais, como Ospaña, asinando convenios con outras obras sociais como OSECAC e formalizando outros verbais con entidades mutualistas arxentinas que non só

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n

Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Grupo Parlamentario

Popular de Galicia

desvirtuaron o obxecto inicial da fundación, **dar asistencia asistencial aos galegos e non galegos asociados ao Centro Galego de Bos Aires**, senón que lles reportaron unhas enormes perdas económicas que fan que a súa débeda actual supere os 12 millóns de euros.

Dado que a esta situación ten contribuído substancialmente a pésima xestión dun goberno sustentado polo partido socialista e, doutra banda, derívase de contratos para a asistencia hospitalaria de cidadáns arxentinos, sen ningunha vinculación con Galicia, que terían que ser asumidos nos marcos de colaboración do Goberno do Reino de España e o da República da Arxentina, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central asumir a parte da débeda existente na actual Fundación Galicia Saúde derivada dos contratos asinados pola mesma a partir de 2006.”

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 02/09/2010 11:14:23

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 02/09/2010 11:14:26

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 02/09/2010 11:14:30

Dámaso López Rodríguez na data 02/09/2010 11:14:37

María Ángeles Díaz Pardo na data 02/09/2010 11:14:43

José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 02/09/2010

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n

Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

11:14:50

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n

Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Antonio Rodríguez Miranda, Pedro Puy Fraga, Agustín Baamonde Díaz, Paula Prado del Río, Pablo Cobián Fernández-de la Puente, Miguel A. Santalices Vieira e María Seoane Romero**, ao abeiro do disposto no Artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei**, para debater polo trámite de **Urxencia en Pleno**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola gran preocupación que se está a xerar, debido as cantidades que teñen que devolver as entidades locais, no peor momento da crise económica que estamos a atravesar.

Exposición de Motivos:

O Ministerio de Política Territorial ven de facer públicos os datos relativos á liquidación da Participación das entidades locais nos Ingresos do Estado correspondentes ó exercicio 2008.

As cantidades que teñen que devolver as entidades locais galegas como consecuencia da liquidación do ano 2008 ascenden a 106.284.655,29 €.

Esta situación produciuse como consecuencia da falla de previsión do Goberno de España, presidido polo Sr. Rodríguez Zapatero que, empeñado en negar as consecuencias da crise económica, presentou no ano 2008 uns orzamentos cunhas previsións de ingresos que estaban moi lonxe da realidade.

Agora, no peor momento da crise económica e ó tempo que experimentan unha notable baixada dos seus ingresos, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais van a verse obrigadas á devolución de importantes cantidades como consecuencia dos erros do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2010 11:02
Nº Rexistro: 47405
Data envío: 06/09/2010 11:02:14.993

A esta situación hai que engadir que o Goberno de España continúa incumprindo o seu compromiso de abordar a reforma do financiamento local para garantir o principio de suficiencia das facendas locais.

A reclamación efectuada polo Goberno de España neste momento podería poñer en risco o mantemento dos servizos públicos de titularidade local, razón pola que cómpre solicitar que se deixe sen efecto a liquidación efectuada ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual en un prazo de dez anos.

Ademais, para garantir a suficiencia financeira das facendas locais, o Goberno do Estado debería garantir, como xa fixo a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local no ano 2010, que ningún concello perciba menos ingresos durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado que os que ven percibindo durante o ano 2010.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Pleno.

O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- Que traslade ao Goberno do Estado os seguintes requerimentos:

- 1º- Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente a Participación nos Ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual e se conceda un prazo de dez anos.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2010 11:02
Nº Rexistro: 47405
Data envío: 06/09/2010 11:02:14.993

- 2º- Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que percibirán as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que veñen percibindo durante o ano 2010, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010.

Santiago de Compostela, 6 de Setembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 06/09/2010 10:59:11

Antonio Rodríguez Miranda na data 06/09/2010 10:59:21

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2010 10:59:33

Agustín Baamonde Díaz na data 06/09/2010 10:59:39

Paula Prado del Río na data 06/09/2010 10:59:49

Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 06/09/2010 10:59:57

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 06/09/2010 11:00:00

María Seoane Romero na data 06/09/2010 11:00:10

Rosa Oubiña Solla na data 06/09/2010 11:00:23

María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 06/09/2010 11:00:27

María Emma Álvarez Chao na data 06/09/2010 11:00:30

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 06/09/2010 11:00:34



Dámaso López Rodríguez na data 06/09/2010 11:00:39

Yolanda Díaz Lugilde na data 06/09/2010 11:00:43

Carlos Negreira Souto na data 06/09/2010 11:00:49

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

**XACOBEO 2010**
Galicia

Ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar sobre “o *Plan de infraestruturas xudiciais*: balance e perspectivas”.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto García

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 144 e 98 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á **comparecencia urxente en Pleno da conselleira de Sanidade**, para que explique o alarmante deterioro da calidade da sanidade pública de Galicia.

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 03/09/2010 18:57:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/09/2010 18:57:45

Mar Barcón Sánchez na data 03/09/2010 18:58:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/09/2010 18:58:10

José Manuel Lage Tuñas na data 03/09/2010 18:58:14

María Concepción Burgo López na data 03/09/2010 18:58:19

Beatriz Sestayo Doce na data 03/09/2010 18:58:27

José Luis Méndez Romeu na data 03/09/2010 18:58:33

María Carmen Acuña Docampo na data 03/09/2010 18:58:39

Modesto Pose Mesura na data 03/09/2010 18:58:45

Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 03/09/2010 18:58:50

Francisco Cerviño González na data 03/09/2010 18:59:09


María José Caride Estévez na data 03/09/2010 18:59:15

José Manuel Gallego Lomba na data 03/09/2010 18:59:23

Silvia Belén Fraga Santos na data 03/09/2010 18:59:28

Pablo Xabier López Vidal na data 03/09/2010 18:59:34



 Grupo Parlamentario

Carmen Gallego Calvar na data 03/09/2010 18:59:39

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 03/09/2010 18:59:44

María Remedios Quintas Álvarez na data 03/09/2010 18:59:49

Marisol Soneira Tajés na data 03/09/2010 18:59:56

Ismael Rego González na data 03/09/2010 19:00:02

Sonia Verdes Gil na data 03/09/2010 19:00:06

José Tomé Roca na data 03/09/2010 19:00:10

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/09/2010 19:00:13

Maria del Carmen Cajide Herves na data 03/09/2010 19:00:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno do Excmo. Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria**, para que explique o inicio do curso 2010-2011 de ensino non universitario.

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 06/09/2010 12:44:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/09/2010 12:44:09

Mar Barcón Sánchez na data 06/09/2010 12:44:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/09/2010 12:44:22

María Concepción Burgo López na data 06/09/2010 12:44:27

José Manuel Lage Tuñas na data 06/09/2010 12:44:31

Beatriz Sestayo Doce na data 06/09/2010 12:44:39

Modesto Pose Mesura na data 06/09/2010 12:44:45

María Carmen Acuña Docampo na data 06/09/2010 12:44:51

José Luis Méndez Romeu na data 06/09/2010 12:44:58


Ricardo Jacinto Varela Sánchez, Vicepresidente 2º na data 06/09/2010 12:45:05

Maria del Carmen Cajide Herves na data 06/09/2010 12:45:11

Francisco Cerviño González na data 06/09/2010 12:45:19

José Manuel Gallego Lomba na data 06/09/2010 12:45:26



 Grupo Parlamentario

María José Caride Estévez na data 06/09/2010 12:45:32

Pablo Xabier López Vidal na data 06/09/2010 12:45:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos Francisco Rivera na data 06/09/2010 12:45:46

Silvia Belén Fraga Santos na data 06/09/2010 12:45:53

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 06/09/2010 12:46:02

Carmen Gallego Calvar na data 06/09/2010 12:46:08


María Remedios Quintas Álvarez na data 06/09/2010 12:46:14

Ismael Rego González na data 06/09/2010 12:46:19

Marisol Soneira Tajés na data 06/09/2010 12:46:24

José Tomé Roca na data 06/09/2010 12:46:32

Sonia Verdes Gil na data 06/09/2010 12:46:38

 Grupo Parlamentario

A Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**, sobre a estrutura periférica da administración autonómica e a utilidade da figura dos/as delegados/as territoriais.

A creación dunha nova estrutura periférica da Xunta de Galicia, por parte do Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo, ten sido unha das achegas feitas polo Partido Popular dende a súa chegada ao Goberno de Galicia.

O venres 1 de maio de 2009 dábase conta no Diario Oficial de Galicia do Decreto 245/2009, polo que se regulan as delegacións territoriais.

O Señor Núñez Feijóo nomeou cinco delegados territoriais para os ámbitos das provincia de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e o ámbito supramunicipal denominado Vigo.

Á figura dos delegados e delegadas territoriais sumouse á estrutura xa existente con anterioridade, co que o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo non só non fixo redacción de postos de responsabilidade na estrutura periférica, senón que a incrementou, dotando ás denominadas “superdelegacións” dun gabinete de apoio propio, con persoal eventual ao servizo dos novos delegados territoriais.

Incrementáronse os custes da estrutura periférica dende o pasado ano 2009, xusto nunha época na que se lle pide esforzos adicionais ao conxunto da cidadanía. Débese recordar que a figura dos antigos delegados provinciais foi substituída polos novos “xefes territoriais”, que actúan practicamente coas mesmas funcións.

A maiores, cabe destacar que a creación das figuras dos delegados e delegadas territoriais non ten suposto ata a data ningunha mellora na administración dos asuntos ordinarios das galegas e dos galegos, e á vista



Grupo Parlamentario

da súa nula repercusión supón un claro despilfarro, dado que se ten demostrado que son postos prescindibles.

Tendo en conta a necesidade de facer recortes económicos nos orzamentos da comunidade autónoma e coñecendo o fiasco que teñen suposto as novas figuras dos delegados e delegadas territoriais, os socialistas galegos consideramos necesario que o Goberno galego explique que decisións ten pensado tomar para facer máis eficiente a estrutura periférica da Xunta de Galicia e rectificar así o erro cometido cando creou as delegacións territoriais en maio do ano 2009.

Polo exposto anteriormente, o deputado asinante formula as seguinte Interpelación:

1.^a) Que recorte orzamentario ten pensado acometer o Goberno galego na estrutura periférica da Xunta de Galicia para o ano 2010?

2.^a) Que melloras teñen suposto para as galegas e os galegos a figura dos delegados e delegadas territoriais creados en maio do 2009?

3.^a) Cando ten pensado rectificar o Goberno galego a creación dunha nova figura que ten incrementado os postos de responsabilidade na estrutura periférica da Xunta de Galicia?

4.^a) Ve xustificable o Goberno galego manter a figura dos delegados e delegadas territoriais cando o traballo da estrutura periférica da Xunta de Galicia está recaendo nos denominados “xefes territoriais”, substitutos dos anteriores delegados provinciais?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Deputado do G.P. Dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 27/08/2010 10:58:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 12:10
Nº Rexistro: 46656
Data envío: 27/08/2010 12:10:50.083

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa á aplicación do denominado Plano Nacional de Salvamento Marítimo 2010-2018.

O Ministerio de Fomento ven de presentar recentemente o novo “Plano Nacional de Servizos Especiais de Salvamento da Vida Humana no Mar e da Loita contra a Contaminación do Medio Mariño”, cunha vixencia de oito anos (2010-2018), e cunha dotación orzamentaria de 1.690’5 millóns de euros.

Contodo, reitera a orientación propagandística e puramente cosmética que caracteriza a política española de seguranza, salvamento marítimo e de loita contra a contaminación, por outra banda ineficaz no fondo. Aínda que non se coñece nin se fixo público o documento (moita propaganda, pouco rigor), os datos que se fixeron públicos non dan lugar á esperanza, cando menos no caso galego.

Así, anúnciase pomposamente unha frota de 55 embarcacións “Salvamar” no horizonte de 2018, cando en realidade xa existen. Daquela, nada novo. Ningún incremento de medios. Iso si, das 55 lanchas, só 7 (o 12’7%) teñen porto base na Galiza (Cangas, Porto do Son, Camariñas, A Coruña, Cariño e Burela), malia ser o litoral galego o de maior taxa de sinistralidade na actividade pesqueira.

En relación coas patrulleiras denominadas “Gardamar”, o Plan contempla catro (que tamén xa existen), mentres o anterior Plano (2006-2009) comprometíase á



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax: 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 12:10
Nº Rexistro: 46656
Data envío: 27/08/2010 12:10:50.083

existencia de dez buques deste tipo. Redución, portanto, de efectivos propostos. O mesmo cabe dicir da frota de rebocadores (pasa das dez unidades previstas a sete), ou dos buques de salvamento polivalentes, nos que se mantén o mesmo número para Galiza.

Existe, iso si, un incremento no número de buques recolletores de contaminación mariña, mais que non lle afecta a Galiza. Seguiremos a contar co “Urania Mella”, mentres está previsto a dotación de novos buques para o Mediterráneo, Canarias e Estreito de Xibraltar.

O caso da frota aérea é o único no que se advirte un avance para Galiza. Ademais da substitución do veterano helicóptero Helimer Galicia (Helimer 210, modelo Sikorsky S61N) con base na Coruña, prevese un novo helicóptero de grande porte. Persisten, con todo, as dúbidas referidas aos prazos de entrega, pois no referente á substitución do Helimer Galicia (contemplado no anterior Plano de Salvamento) están clamorosamente incumpridos.

Con independencia da política de dotación de medios aéreos e navais, coas limitacións antes indicadas, cumpre lamentar a consolidación dun modelo de salvamento marítimo fortemente centralizado en Madrid, parcialmente privatizado (en unidades aéreas e navais), con diminución de traballadores e tripulantes, e sen atención a un elemento chave (radiocomunicacións marítimas) para a redución dos tempos de resposta perante unha situación de alerta. Non hai tampouco novidades a respecto da adecuación dos protocolos vixentes ás directrices e recomendacións da Organización Marítima Internacional (OMI).



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 12:10
Nº Rexistro: 46656
Data envío: 27/08/2010 12:10:50.083

Parece que pouco ou nada se aprendeu dos numerosos sinistros padecidos no mar. Non se adoptan medidas correctoras, e reincídese nos mesmos erros que teñen convertido á Galiza no territorio do Estado español e da Unión Europea con maior taxa de sinistralidade na actividade pesqueira, e con episodios de contaminación mariña de maior diversión e impacto.

É lamentábel que, neste contexto, a Xunta de Galiza abdicara da súa responsabilidade á hora de reivindicar medidas a incorporar no novo Plano de Salvamento, segundo se recoñecía oficialmente, en resposta ao BNG en sede parlamentar o pasado 12 de novembro de 2009. Non se garantiu a participación institucional do noso país no proceso de elaboración do novo Plano, cunha priorización previa daquelas medidas, protocolos, persoal e dotación de medios que, a xuízo do Goberno galego, fosen precisas. Non se analizou o criterio de distribución de medios e unidades de SASEMAR no litoral do Estado español e o lugar que ocupa Galiza nese contexto, en función dos riscos e da sinistralidade existente. Tanto ten que non se teñan mellorado os tempos de resposta, por falta de atención ao relativo ás radiocomunicacións marítimas, á formación (non só aos mariñeiros, tamén ao persoal de SASEMAR), ou a unha normativa absolutamente inadaptada á realidade e ás necesidades do sector pesqueiro galego.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Interpelación, dirixida á Conselleira do Mar:

- 1) Que avaliación realiza o Goberno galego do novo Plano de Salvamento Marítimo (2010-2018), na súa aplicación práctica á Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 12:10
Nº Rexistro: 46656
Data envío: 27/08/2010 12:10:50.083


- 2) Cal foi a participación do noso país na elaboración deste Plano?
- 3) Ten Galiza, a xuízo da Consellería do Mar, algunha achega ou reivindicación a este respecto?
- 4) En caso positivo, que vai reivindicar?
- 5) Considera a Consellaría do Mar que a costa galega, con este novo Plano, está en mellores condicións de seguranza marítima, ou blindada diante dunha ameaza de maré negra e de episodios de contaminación mariña de diverso tipo?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/08/2010 12:06:55

 Grupo Parlamentario

Á Mesa da Cámara

José Manuel Lage Tuñas, Guillermo Meijón Couselo e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación, co obxecto de coñecer a valoración do Goberno galego diante da existencia de irregularidades nun proceso selectivo de acceso ao emprego público no ámbito educativo.**


Unha vez máis os procesos selectivos de acceso ao emprego público na Xunta de Galicia son noticia polas irregularidades en diversas probas, concretamente o último caso que se vén de coñecer afecta ao ámbito da Consellería de Educación.

Máis de noventa persoas que aspiran a catro prazas de profesor de FP en Técnicas e Procedementos de Imaxe e Son terán que repetir un dos exercicios da súa oposición debido ás anomalías detectadas na realización deste exame.

As irregularidades que foron denunciadas por varios dos afectados e tamén por un sindicato traen de novo á actualidade os constantes problemas que existen nos procesos selectivos de acceso ao emprego público dende a chegada de Alberto Núñez Feijóo ao executivo galego.

Unha das irregularidades detectadas foi denunciada porque nas bases da convocatoria especificábase que o opositor realizará un suposto de entre catro opcións que dá o tribunal pero na práctica o que ocorreu e que se propuxeron ata nove supostos, cada un deles con catro opcións cada un.

Cabe destacar que outra das anomalías denunciadas polos opositores incursos neste proceso foi o feito de que os aspirantes realizasen a proba práctica en presenza só dun dos membros do tribunal, cando a convocatoria esixe que nestas sesións estean polo menos tres dos membros, para velar así pola limpeza da oposición.

 Grupo Parlamentario

De maior gravidade foi que o proceso de apertura de sobres non se fixera público, senón que se deu a coñecer dous días despois de levar a cabo esta apertura, mediante un anuncio na páxina web da Consellería de Educación.

Os socialistas galegos consideramos urxente que o goberno galego atalle dunha vez por todas a sangría permanente de irregularidades e anomalías que se están producindo nos procesos selectivos de acceso ao emprego público.

É preciso facer unha reforma en profundidade das oposicións para acceder a traballar na función pública galega, introducindo mecanismos de control e seguridade nas probas que se realizan nos procesos selectivos.

Entendemos que a creación dun órgano estable que xestione as oposicións para traballar na Xunta de Galicia é un paso imprescindible para resolver a negligente xestión que está a facer este Goberno.

Cabe recordar que nos últimos dez meses foron varios os casos de supostas irregularidades que saltaron á luz pública.

A filtración de exames nas probas de acceso ao corpo administrativo da Administración autonómica (subgrupo C1), a existencia de cargos da Consellería de Facenda que opositaban a un posto a través da vía de promoción interna, e doutra banda exercían de tribunal para a mesma categoría, pero na vía de acceso libre, compartindo tribunal cos seus examinadores, ou mesmo as graves sospeitas de anomalías en probas de diferentes categorías do SERGAS, que seguen sen aclararse meses despois de que se abrise unha investigación oficial, son exemplos de malas prácticas que deberían ter sido freadas polo Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo.

No último caso coñecido referido á Consellería de Educación existen sospeitas de que puido non respectarse o anonimato da proba e non existen garantías de que a cualificación asignada a cada opositor sexa a que realmente obtivo.



Grupo Parlamentario

En Galicia hai milleiros de opositores que están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia e que están sendo unha constante dende a chegada do Partido Popular ao Goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

A situación xa descrita está creando unha gran preocupación en miles de opositores que non ven garantías suficientes á hora de afrontar as probas dos diferentes procesos selectivos que están pendentes de celebrarse na Administración Autonómica.

Os socialistas galegos entendemos que é necesario facer un cambio en profundidade dos sistemas e procedementos que se seguen para a elaboración e celebración das probas de acceso ao emprego público.

Os socialistas galegos propoñemos que se melloren os mecanismos que rexen as probas de acceso á función pública co obxecto de garantir a limpeza e a imparcialidade das citadas probas, utilizando as ferramentas e software existentes para minimizar os riscos de filtracións.

Tamén temos proposto a creación dun órgano estable que xestione as oposicións para traballar na Xunta de Galicia, co ánimo de suplir a ausencia de ideas e de decisións do Goberno nesta materia.

Co ánimo de coñecer as decisións que ten pensado tomar o Goberno galego polos continuos escándalos que se están producindo nos procesos selectivos de acceso ao emprego público na administración autonómica, os deputados asinantes, presentan a seguinte **Interpelación**:

1.º) Quen decisións ten pensado tomar o Goberno galego para deter a sangría de irregularidades e anomalías que se están producindo nas probas de acceso ao emprego público na administración autonómica?

2.ª) Que decisións vai tomar o presidente da Xunta diante da alarma xerada entre milleiros de opositores polas continuas noticias que dan conta de anomalías e irregularidades varias nas probas de acceso á función pública de Galicia?



Grupo Parlamentario

3.º) Que medidas urxentes ten pensado adoptar o Goberno galego para evitar filtracións e garantir a imparcialidade nas probas de acceso ao emprego público da administración autonómica?

4.ª) Cales son os mecanismos que modificará o Goberno galego para dotar de maiores garantías aos procesos selectivos de acceso á función pública?

5.ª) Que previsións ten o Goberno galego para realizar unha reforma dos procedementos de elaboración e exame das probas das oposicións?

6.ª) Contempla o Goberno galego aceptar a proposta dos socialistas galegos para a creación dun órgano estable que xestione as oposicións para acceder a un emprego na función pública galega?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2010


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Guillermo Meijón Couselo
Xoaquín María Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 31/08/2010 12:58:17

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 31/08/2010 12:58:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/08/2010 12:58:44

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Guillermo Meijón Couselo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación, co obxecto de coñecer a valoración do Goberno galego sobre o mal funcionamento das webs dos centros educativos e doutros departamentos da administración pública galega.**


Dende o pasado 26 de agosto as webs educativas dos centros públicos dependentes da Xunta, todos con ruta "www.centros.edu.xunta.es/NOMEDOCENTRO" foron infectados por un virus, e dende o pasado 30 de agosto a Xunta pechou as citadas webs.

Consideramos grave que en pleno mes de agosto con todos os centros pechados, os pais e nais quedaran sen acceso á información de exames de setembro, lista de libros de texto, etc, ao non poder acceder ao servizo web dos centros educativos da rede pública.

Non parece moi razoable que a consellería de Educación oculte durante 5 días esta información, xa que afecta ao conxunto da comunidade educativa de cada centro, e máis no mes de agosto onde os centros están baixo mínimos.

Entendemos que non existiu transparencia informativa, e deixaron aos pais e nais sin acceso á información dos respectivos centros educativos a través da rede internet.

Descoñecemos o motivo polo que dende o Goberno galego non se da conta do sucedido. Só se explica se é por unha tentativa de intentar tapar unha deficiente xestión no ámbito das Tecnoloxías da Información e a Comunicación(TIC,s), o cal sería igualmente grave.

 Grupo Parlamentario

Entendemos que é preciso resolver con axilidade o problema e que o Goberno aporte as explicacións oportunas sobre os continuos fallos informáticos que veñen sufrindo diferentes servizos da Xunta de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os socialistas galegos entendemos que é necesario facer un cambio en profundidade nos sistemas TIC,s da Xunta de Galicia e agardamos que o Goberno galego poña fin aos continuos problemas co funcionamento das webs dos centros educativos.

Co ánimo de coñecer as decisións que ten pensado tomar o Goberno galego diante das situacións xa descritas, os deputados asinantes, presentan a seguinte Interpelación:

1.^a) Quen decisións ten pensado tomar o Goberno galego para evitar os continuos problemas que se están sucedendo coas páxinas webs dos centros públicos ou coas doutros departamentos da administración pública galega?

2.^a) Que medidas urxentes ten pensado adoptar o Goberno galego para resolver o deficitario sistema de TIC,s co que conta a Xunta de Galicia?

3.^o) Que investimento ten previsto acometer o Goberno galego para resolver os déficits existentes na actualidade nesta materia dentro da administración pública galega?


Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Guillermo Meijón Couselo

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia




 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 01/09/2010 10:34:13

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 01/09/2010 10:34:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, deputado pertencente o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado 10 de xullo de 2009, a Consellería de Educación acordaba cos sindicatos docentes FETE-UGT, CCOO, ANPE e STEG os criterios que determinarían o agrupamento de alumnado de diferentes niveis, cursos ou ciclos tanto de educación infantil como de educación primaria.

O documento asinado foi trasladado por parte da Consellería de Educación á opinión pública como un importante éxito e que respondía a unha actuación do goberno para non crear agravios comparativos no rural, na Galicia interior.

Obviamente os sindicatos asinantes rebaixaban con moito as soflamas do Conselleiro de Educación aseverando que coa firma do citado texto trataban de evitar peches masivos de aulas en Galicia.

Dende o primeiro momento a Consellería de Educación tratou de evitar cumprir os compromisos acordados. Os sindicatos denunciaron dende o primeiro momento irregularidades coas que a Xunta tentaba non acometer o incremento de unidades pactado, por exemplo denominando novas unidades a aulas que xa estaban en funcionamento o curso anterior.

De todas formas, e pese a todo, o que ninguén esperaba é que a Consellería de Educación tivera a intención de rachar os seus compromisos para o curso 2010-11. Así, de forma unilateral, a administración educativa, na comisión de seguimento celebrada o pasado 9 de xullo de 2010, anunciaba que non pensaban cumprir coa segunda fase do acordo correspondente ao curso 2010-11. Unha decisión que implica na práctica non asumir á creación do 50% restante de novas unidades de infantil e primaria comprometidas no texto asinado, aproximadamente 80 unidades de nova creación e preto dun centenar de prazas docentes.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, o deputado asinante formula a seguinte interpelación:

1.^a) Cales son as razóns polas que a Consellería de Educación incumpre os compromisos acadados entre a propia administración educativa e as organizacións sindicais asinantes relativos ao agrupamento de alumnado de diferentes niveis, cursos ou ciclos tanto de educación infantil como de educación primaria?

2.^a) Antes de adoptar a decisión de incumplir o acordo, por parte da Consellería de Educación, realizouse algún tipo de consulta aos distintos sectores da comunidade educativa?

3.^a) Entende o Goberno actual da Xunta de Galicia que, segundo se desprende das súas propias manifestacións, con esta actuación provocan agravios comparativos no rural, na Galicia interior?

4.^a) Cales son os novos criterios que está a utilizar a Consellería de Educación en materia de agrupamento de alumnado de diferentes niveis, cursos ou ciclos tanto de educación infantil como de educación primaria?

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2010

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 01/09/2010 14:24:33



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Interpelación, sobre a contratación da organización, por parte da Xunta de Galicia, de actividades paralelas á visita de Benedicto XVI a Santiago de Compostela.

O vindeiro 6 de novembro terá lugar a visita de Benedicto XVI, máximo responsable da Igrexa Católica, e xefe de Estado de Ciudad del Vaticano, a Santiago de Compostela.

Cabe recordar que o Goberno de España dispón dos efectivos de seguridade, dos corpos e forzas de seguridade do Estado, e a cobertura correspondente prevista en visitas destas características para asumir os custes derivados da protección dun xefe de Estado de visita no noso territorio.

Pero tamén a Xunta de Galicia ten anunciado a creación dunha comisión de seguimento e coordinación da citada visita, e xa tivo lugar a súa primeira xuntanza, da que ten informado o propio Goberno galego.

O conselleiro da Presidencia, Administración Pública e Xustiza ten anunciado inicialmente un gasto de catro (4) millóns de euros para a preparación do evento, por parte da Xunta de Galicia, e agora vén de anunciar un recorte de un (1) millón de euros nos gastos da Xunta sobre o inicialmente previsto.

Sorprende que un anuncio feito no mes de xullo por parte do mesmo responsable do Goberno galego agora se vexa emendado, aludindo ao contexto de crise económica e de axuste orzamentario, o que proba ou que foi mal orzamentado o gasto previsto ou senón hai que explicar como se fai un recorte dun 25% sobre a cantidade inicial.

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

A propia Consellería de Presidencia crea unha oficina propia para a manter un equipo permanente dedicado a este evento que terá un programa dedicado ás oito horas de estancia de Benedicto XVI en Compostela.

Tampouco se teñen dado datos suficientes dos gastos da viaxe ao aludir a cuestións xenéricos cando o custe maior de seguridade corre a cargo das forzas e corpos de seguridade do Estado.

O Sr. Rueda tamén ten informado da subcontratación da organización das actividades da Xunta de Galicia para a visita do máximo responsable da Igrexa Católica, a través dunha asistencia técnica, sen que se coñeza o procedemento polo cal se designa arbitrariamente dito contrato.

O conselleiro da Presidencia anunciou igualmente un programa cultural paralelo, que complete as actividades propias da visita e que o faga no marco do Ano Xacobeo 2010.

Os socialistas galegos consideramos importante que o Sr. Rueda explique os gastos que vai asumir a Xunta de Galicia e a subcontratación feita para a organización das actividades da Xunta de Galicia durante a visita de Benedicto XVI a Santiago de Compostela, tendo en conta que son recursos públicos dedicados a un acontecemento relixioso, e que estamos nun Estado laico.

Cabe recordar que xa o Estado, a través do Goberno de España, asume en visitas destas características os gastos máis relevantes para preservar a seguridade dun Xefe de Estado.

A falsa austeridade ten caracterizado boa parte dos discursos baleiros pronunciados polos Sr. Rueda e Sr. Núñez Feijóo durante o primeiro ano de mandato ao fronte da Xunta de Galicia, por iso sería bo que se fixera unha explicación detallada de como vai gastar recursos públicos, de tódolos cidadáns, neste evento.

Polo anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.^a) Por qué o Goberno galego subcontrata a organización das actividades da Xunta de Galicia para a visita de Benedicto XVI?

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

2.º) Que procedemento transparente e aberto sigo o Sr. Rueda para contratar a un avogado determinado a través dunha asistencia técnica?

3.º) Que concurso ten realizado o Goberno galego para outorgar un contrato destas características?

4.º) A que vai dedicar o Goberno galego o orzamento previsto para a organización de actividades paralelas á visita?

5.º) En que consiste o programa cultural paralelo anunciado polo Sr. Rueda, e que segundo el, completará as actividades propias da visita de Benedicto XVI no marco do Ano Xacobeo 2010?

6.º) Cal é o retorno económico previsto pola Xunta de Galicia a partir do orzamento dedicado á organización de actividades paralelas á visita de Benedicto XVI?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Xoaquín Mª Fernández Leiceaga

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 02/09/2010 18:17:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/09/2010 18:17:46



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Alejandro Gómez Alonso e José C. López Campos, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

Recentemente estamos a observar como unha serie de sentencias xudiciais desestiman ou revocan ordes de paralización ou recursos de anulación contra actos municipais promovidos pola Xunta de Galicia na pasada lexislatura.

Así mesmo, os propios funcionarios dos servizos autonómicos están a se manifestar que primou un dirixismo político na adopción de decisións e na selección dos concellos de intervención por parte dos responsables políticos da anterior Consellería de Política Territorial.

En base ó anterior é polo que os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- ¿Cal é a opinión da Consellería MATI respecto á posible existencia no bipartito dun dirixismo político contra os concellos gobernados polo PP de Galicia?

Santiago de Compostela, 27 de Agosto de 2010

Asinado dixitalmente por:

Román Rodríguez González na data 27/08/2010 9:41:01




***Grupo Parlamentario
Popular de Galicia***



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 09:45
Nº Rexistro: 46450
Data envío: 27/08/2010 09:45:54.811

Alejandro Gómez Alonso na data 27/08/2010 9:41:07

José Carlos López Campos na data 27/08/2010 9:41:15

 Grupo Parlamentario

A Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**, sobre a estrutura periférica da administración autonómica e a utilidade da figura dos/as delegados/as territoriais.

A creación dunha nova estrutura periférica da Xunta de Galicia, por parte do Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo, ten sido unha das achegas feitas polo Partido Popular dende a súa chegada ao Goberno de Galicia.

O venres 1 de maio de 2009 dábase conta no Diario Oficial de Galicia do Decreto 245/2009, polo que se regulan as delegacións territoriais.

O Señor Núñez Feijóo nomeou cinco delegados territoriais para os ámbitos das provincia de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e o ámbito supramunicipal denominado Vigo.

Á figura dos delegados e delegadas territoriais sumouse á estrutura xa existente con anterioridade, co que o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo non só non fixo redacción de postos de responsabilidade na estrutura periférica, senón que a incrementou, dotando ás denominadas “superdelegacións” dun gabinete de apoio propio, con persoal eventual ao servizo dos novos delegados territoriais.

Incrementáronse os custes da estrutura periférica dende o pasado ano 2009, xusto nunha época na que se lle pide esforzos adicionais ao conxunto da cidadanía. Débese recordar que a figura dos antigos delegados provinciais foi substituída polos novos “xefes territoriais”, que actúan practicamente coas mesmas funcións.

A maiores, cabe destacar que a creación das figuras dos delegados e delegadas territoriais non ten suposto ata a data ningunha mellora na administración dos asuntos ordinarios das galegas e dos galegos, e á vista



Grupo Parlamentario

da súa nula repercusión supón un claro despilfarro, dado que se ten demostrado que son postos prescindibles.

Tendo en conta a necesidade de facer recortes económicos nos orzamentos da comunidade autónoma e coñecendo o fiasco que teñen suposto as novas figuras dos delegados e delegadas territoriais, os socialistas galegos consideramos necesario que o Goberno galego explique que decisións ten pensado tomar para facer máis eficiente a estrutura periférica da Xunta de Galicia e rectificar así o erro cometido cando creou as delegacións territoriais en maio do ano 2009.

Polo exposto, o deputado asinante formula a seguinte pregunta:

Que melloras teñen suposto para as galegas e os galegos a figura dos delegados e delegadas territoriais creados en maio do 2009?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 27/08/2010 11:27:13



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 12:43
Nº Rexistro: 46704
Data envío: 27/08/2010 12:43:29.236

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á aplicación do denominado Plano Nacional de Salvamento Marítimo 2010-2018.

O Ministerio de Fomento ven de presentar recentemente o novo “Plano Nacional de Servizos Especiais de Salvamento da Vida Humana no Mar e da Loita contra a Contaminación do Medio Mariño”, cunha vixencia de oito anos (2010-2018), e cunha dotación orzamentaria de 1.690’5 millóns de euros.

Contodo, reitera a orientación propagandística e puramente cosmética que caracteriza a política española de seguranza, salvamento marítimo e de loita contra a contaminación, por outra banda ineficaz no fondo. Aínda que non se coñece nin se fixo público o documento (moita propaganda, pouco rigor), os datos que se fixeron públicos non dan lugar á esperanza, cando menos no caso galego.

Así, anúnciase pomposamente unha frota de 55 embarcacións “Salvamar” no horizonte de 2018, cando en realidade xa existen. Daquela, nada novo. Ningún incremento de medios. Iso si, das 55 lanchas, só 7 (o 12’7%) teñen porto base na Galiza (Cangas, Porto do Son, Camariñas, A Coruña, Cariño e Burela), malia ser o litoral galego o de maior taxa de sinistralidade na actividade pesqueira.

En relación coas patrulleiras denominadas “Gardamar”, o Plan contempla catro (que tamén xa existen), mentres o anterior Plano (2006-2009) comprometíase á



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 12:43
Nº Rexistro: 46704
Data envío: 27/08/2010 12:43:29.236

existencia de dez buques deste tipo. Redución, portanto, de efectivos propostos. O mesmo cabe dicir da frota de rebocadores (pasa das dez unidades previstas a sete), ou dos buques de salvamento polivalentes, nos que se mantén o mesmo número para Galiza.

Existe, iso si, un incremento no número de buques recolletores de contaminación mariña, mais que non lle afecta a Galiza. Seguiremos a contar co “Urania Mella”, mentres está previsto a dotación de novos buques para o Mediterráneo, Canarias e Estreito de Xibraltar.

O caso da frota aérea é o único no que se advirte un avance para Galiza. Ademais da substitución do veterano helicóptero Helimer Galicia (Helimer 210, modelo Sikorsky S61N) con base na Coruña, prevese un novo helicóptero de grande porte. Persisten, con todo, as dúbidas referidas aos prazos de entrega, pois no referente á substitución do Helimer Galicia (contemplado no anterior Plano de Salvamento) están clamorosamente incumpridos.

Con independencia da política de dotación de medios aéreos e navais, coas limitacións antes indicadas, cumpre lamentar a consolidación dun modelo de salvamento marítimo fortemente centralizado en Madrid, parcialmente privatizado (en unidades aéreas e navais), con diminución de traballadores e tripulantes, e sen atención a un elemento chave (radiocomunicacións marítimas) para a redución dos tempos de resposta perante unha situación de alerta. Non hai tampouco novidades a respecto da adecuación dos protocolos vixentes ás directrices e recomendacións da Organización Marítima Internacional (OMI).



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 12:43
Nº Rexistro: 46704
Data envío: 27/08/2010 12:43:29.236

Parece que pouco ou nada se aprendeu dos numerosos sinistros padecidos no mar. Non se adoptan medidas correctoras, e reincídese nos mesmos erros que teñen convertido á Galiza no territorio do Estado español e da Unión Europea con maior taxa de sinistralidade na actividade pesqueira, e con episodios de contaminación mariña de maior diversión e impacto.

É lamentábel que, neste contexto, a Xunta de Galiza abdicara da súa responsabilidade á hora de reivindicar medidas a incorporar no novo Plano de Salvamento, segundo se recoñecía oficialmente, en resposta ao BNG en sede parlamentar o pasado 12 de novembro de 2009. Non se garantiu a participación institucional do noso país no proceso de elaboración do novo Plano, cunha priorización previa daquelas medidas, protocolos, persoal e dotación de medios que, a xuízo do Goberno galego, fosen precisas. Non se analizou o criterio de distribución de medios e unidades de SASEMAR no litoral do Estado español e o lugar que ocupa Galiza nese contexto, en función dos riscos e da sinistralidade existente. Tanto ten que non se teñan mellorado os tempos de resposta, por falta de atención ao relativo ás radiocomunicacións marítimas, á formación (non só aos mariñeiros, tamén ao persoal de SASEMAR), ou a unha normativa absolutamente inadaptada á realidade e ás necesidades do sector pesqueiro galego.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:**

Que avaliación realiza o Goberno galego do novo Plano de Salvamento Marítimo (2010-2018), na súa aplicación práctica á Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2010 12:43
Nº Rexistro: 46704
Data envío: 27/08/2010 12:43:29.236

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/08/2010 12:39:10



Grupo Parlamentario

A Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**, sobre a estrutura periférica da administración autonómica e a utilidade da figura dos/as delegados/as territoriais.

A creación dunha nova estrutura periférica da Xunta de Galicia, por parte do Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo, ten sido unha das achegas feitas polo Partido Popular dende a súa chegada ao Goberno de Galicia.

O venres 1 de maio de 2009 dábase conta no Diario Oficial de Galicia do Decreto 245/2009, polo que se regulan as delegacións territoriais.

O Señor Núñez Feijóo nomeou cinco delegados territoriais para os ámbitos das provincia de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e o ámbito supramunicipal denominado Vigo.

Á figura dos delegados e delegadas territoriais sumouse á estrutura xa existente con anterioridade, co que o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo non só non fixo redacción de postos de responsabilidade na estrutura periférica, senón que a incrementou, dotando ás denominadas “superdelegacións” dun gabinete de apoio propio, con persoal eventual ao servizo dos novos delegados territoriais.

Incrementáronse os custes da estrutura periférica dende o pasado ano 2009, xusto nunha época na que se lle pide esforzos adicionais ao conxunto da cidadanía. Débese recordar que a figura dos antigos delegados provinciais foi substituída polos novos “xefes territoriais”, que actúan practicamente coas mesmas funcións.

A maiores, cabe destacar que a creación das figuras dos delegados e delegadas territoriais non ten suposto ata a data ningunha mellora na administración dos asuntos ordinarios das galegas e dos galegos, e á vista



Grupo Parlamentario

da súa nula repercusión supón un claro despilfarro, dado que se ten demostrado que son postos prescindibles.

Tendo en conta a necesidade de facer recortes económicos nos orzamentos da comunidade autónoma e coñecendo o fiasco que teñen suposto as novas figuras dos delegados e delegadas territoriais, os socialistas galegos consideramos necesario que o Goberno galego explique que decisións ten pensado tomar para facer máis eficiente a estrutura periférica da Xunta de Galicia e rectificar así o erro cometido cando creou as delegacións territoriais en maio do ano 2009.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que recorte orzamentario ten pensado acometer o Goberno galego na estrutura periférica da Xunta de Galicia para o ano 2010?


Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 27/08/2010 14:02:33

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/08/2010 14:02:38

 Grupo Parlamentario

A Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**, sobre a estrutura periférica da administración autonómica e a utilidade da figura dos/as delegados/as territoriais.

A creación dunha nova estrutura periférica da Xunta de Galicia, por parte do Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo, ten sido unha das achegas feitas polo Partido Popular dende a súa chegada ao Goberno de Galicia.


O venres 1 de maio de 2009 dábase conta no Diario Oficial de Galicia do Decreto 245/2009, polo que se regulan as delegacións territoriais.

O Señor Núñez Feijóo nomeou cinco delegados territoriais para os ámbitos das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e o ámbito supramunicipal denominado Vigo.

Á figura dos delegados e delegadas territoriais sumouse á estrutura xa existente con anterioridade, co que o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo non só non fixo redacción de postos de responsabilidade na estrutura periférica, senón que a incrementou, dotando ás denominadas “superdelegacións” dun gabinete de apoio propio, con persoal eventual ao servizo dos novos delegados territoriais.

Incrementáronse os custes da estrutura periférica dende o pasado ano 2009, xusto nunha época na que se lle pide esforzos adicionais ao conxunto da cidadanía. Débese recordar que a figura dos antigos delegados provinciais foi substituída polos novos “xefes territoriais”, que actúan practicamente coas mesmas funcións.

A maiores, cabe destacar que a creación das figuras dos delegados e delegadas territoriais non ten suposto ata a data ningunha mellora na administración dos asuntos ordinarios das galegas e dos galegos, e á vista

 Grupo Parlamentario

da súa nula repercusión supón un claro despilfarro, dado que se ten demostrado que son postos prescindibles.

Tendo en conta a necesidade de facer recortes económicos nos orzamentos da comunidade autónoma e coñecendo o fiasco que teñen suposto as novas figuras dos delegados e delegadas territoriais, os socialistas galegos consideramos necesario que o Goberno galego explique que decisións ten pensado tomar para facer máis eficiente a estrutura periférica da Xunta de Galicia e rectificar así o erro cometido cando creou as delegacións territoriais en maio do ano 2009.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cando ten pensado rectificar o Goberno galego a creación dunha nova figura que ten incrementado os postos de responsabilidade na estrutura periférica da Xunta de Galicia?


Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 27/08/2010 14:04:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/08/2010 14:04:59

 Grupo Parlamentario

A Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**, sobre a estrutura periférica da administración autonómica e a utilidade da figura dos/as delegados/as territoriais.

A creación dunha nova estrutura periférica da Xunta de Galicia, por parte do Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo, ten sido unha das achegas feitas polo Partido Popular dende a súa chegada ao Goberno de Galicia.


O venres 1 de maio de 2009 dábase conta no Diario Oficial de Galicia do Decreto 245/2009, polo que se regulan as delegacións territoriais.

O Señor Núñez Feijóo nomeou cinco delegados territoriais para os ámbitos das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e o ámbito supramunicipal denominado Vigo.

Á figura dos delegados e delegadas territoriais sumouse á estrutura xa existente con anterioridade, co que o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo non só non fixo redacción de postos de responsabilidade na estrutura periférica, senón que a incrementou, dotando ás denominadas “superdelegacións” dun gabinete de apoio propio, con persoal eventual ao servizo dos novos delegados territoriais.

Incrementáronse os custes da estrutura periférica dende o pasado ano 2009, xusto nunha época na que se lle pide esforzos adicionais ao conxunto da cidadanía. Débese recordar que a figura dos antigos delegados provinciais foi substituída polos novos “xefes territoriais”, que actúan practicamente coas mesmas funcións.

A maiores, cabe destacar que a creación das figuras dos delegados e delegadas territoriais non ten suposto ata a data ningunha mellora na administración dos asuntos ordinarios das galegas e dos galegos, e á vista

 Grupo Parlamentario

da súa nula repercusión supón un claro despilfarro, dado que se ten demostrado que son postos prescindibles.

Tendo en conta a necesidade de facer recortes económicos nos orzamentos da comunidade autónoma e coñecendo o fiasco que teñen suposto as novas figuras dos delegados e delegadas territoriais, os socialistas galegos consideramos necesario que o Goberno galego explique que decisións ten pensado tomar para facer máis eficiente a estrutura periférica da Xunta de Galicia e rectificar así o erro cometido cando creou as delegacións territoriais en maio do ano 2009.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Ve xustificable o Goberno galego manter a figura dos delegados e delegadas territoriais cando o traballo da estrutura periférica da Xunta de Galicia está recaendo nos denominados “xefes territoriais”, substitutos dos anteriores delegados provinciais?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 27/08/2010 14:15:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/08/2010 14:15:51



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao despedimento de traballadores na construción do túnel do AVE no tramo Vigo-As Maceiras.

A empresa adxudicataria da construción do túnel do AVE no tramo Vigo-As Maceiras ven de despedir 107 operarios da UTE e a entre 60 y 70 traballadores das subcontratas, coa escusa dunha avaría nunha das tuneladoras. Xunto á demora das obras ocasionado por diversas cuestións e que xa acumula mais de oito meses, únese agora un novo atraso co agravante dunha forte incidencia no emprego, aínda que segue habendo traballadores na obra que continúan a facer horas extraordinarias (no interior do túnel ata 13 horas, o que conculca a lexislación vixente tanto en materia de xornada como no que atinxe ás condicións de Seguridade e Saúde).

Ao parecer esta situación non ten data de solución e pode prorrogarse varios meses, sendo espectadores dun cruce de acusacións entre distintas administracións, culpándose de non solucionar os problemas existentes, cando realmente a quen afecta é aos traballadores agora despedidos e a sociedade galega ao non poder ter unhas comunicacións, aínda que sexan con atraso, nas mesmas condicións que noutros lugares do Estado levan xa disfrutando dende fai bastantes anos.

O que noutros lugares tense solucionado nun prazo mínimo dunha semana (Guadarrama ou Pajares), agora convertese na escusa ideal para a rescisión dos contratos. A triste realidade é que a rescisión dos contratos está pactada entre as partes implicadas porque lles interesa: ao Ministerio por recortes orzamentarios, como demostra que teña parados outros tramos, e ás empresas porque saben que van tardar en cobrar. A esta situación temos que engadir a actitude do Goberno galego que mantén



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha posición de calado e consentidor, pois non ten urxido o reinicio das obras e reclamado o cumprimento dos prazos. Unha vez mais, os galegos e galegas sufrimos as consecuencias de decisións que afectan dun xeito moi especial ao emprego e ao dereito a contar coas infraestruturas acorde ás necesidades do País.

Como queira que o reinicio tamén depende da decisión dos técnicos da Xunta en canto ao xeito de proceder para poder acceder á zona da máquina avariada, propoñendo unha actuación que demorara en varios meses a recuperación da actividade e polo que formulamos a seguinte pregunta con resposta oral en Pleno dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

Que opinión lle merece ao Goberno galego a situación orixinada pola paralización das obras na construción do túnel do AVE no tramo Vigo-As Maceiras?

Santiago de Compostela, 26 de agosto do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 30/08/2010 10:43:58



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2010 12:01
Nº Rexistro: 46892
Data envío: 30/08/2010 12:01:50.630

Á Mesa do Parlamento

Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo e José Manuel Baltar Blanco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Un dos recursos importantes na asistencia sanitaria é dispoñer de tecnoloxía que permita abordar dun xeito óptimo tanto o aspecto diagnóstico como terapéutico.

O asunto da tecnoloxía cobra especial importancia na atención máis especializada xa que na mesma faise necesario, en moitas ocasións, dispoñer dunha “alta tecnoloxía” para o diagnóstico e tratamento dos pacientes.

En moitos dos nosos complexos hospitalarios a alta tecnoloxía leva anos sen cambiar e actualizar, polo que se fai necesario darlle unha solución a este importante asunto.

Por isto se pregunta:

Como ten pensado a Consellería de Sanidade garantir a dispoñibilidade da alta tecnoloxía nos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 30/08/2010 12:01:11

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 30/08/2010 12:01:15

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



***Grupo Parlamentario
Popular de Galicia***



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2010 12:01
Nº Rexistro: 46892
Data envío: 30/08/2010 12:01:50.630

Dámaso López Rodríguez na data 30/08/2010 12:01:20

María Ángeles Díaz Pardo na data 30/08/2010 12:01:25

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 30/08/2010
12:01:30**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 11:31
Nº Rexistro: 46962
Data envío: 31/08/2010 11:31:35.654

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Estatuto de Autonomía de Galiza recolle no seu artigo quinto a condición do galego como lingua propia de Galiza, así como, a obriga dos poderes públicos de potenciar o emprego do mesmo en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. Sen embargo, por primeira vez logo da aprobación do Estatuto, da Lei de Normalización Lingüística e do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega se inicia un camiño de retroceso normativo a través do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario. Este decreto, aprobado logo dun grande período de rexeitamento ás súas bases e de confrontación social, significa que a lingua galega queda desasistida en aspectos tan importantes como a educación infantil ou no ámbito da educación científico-tecnolóxica.

É unha obviedade argumentar sobre a importancia que ten a ciencia e a tecnoloxía na nosa sociedade. A súa dimensión formativa e cultural queda patente pola súa implicación en calquera actividade cotiá. De aí que a adquisición dun vocabulario rico e extenso nesta área do saber é un aspecto formativo importante para o alumnado no seu futuro académico, laboral e tamén para relacionarse coa sociedade cada vez máis tecnolóxica na que vive.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 11:31
Nº Rexistro: 46962
Data envío: 31/08/2010 11:31:35.654

Sen embargo, o Goberno galego renuncia á posta en marcha dun proceso de normalización da lingua galega no ámbito científico e tecnolóxico que nas últimas décadas sumara os esforzos dunha grande cantidade de docentes e investigadores por fixar a lingua e adaptar os neoloxismos das disciplinas científicas e tecnolóxicas. Neste sentido, hai só uns meses, a Real Academia Galega anunciaba que procurará no brasileiro unha terminoloxía axeitada para os neoloxismos vinculados a unha disciplina emerxente, a Ciencia do Solo. Como xa hai anos fixeron moitos outros científicos/as e profesorado para poderen desenvolver a súa ciencia ou dar as súas aulas en galego.

O Goberno galego e a administración teñen a obriga de contribuír de forma consciente a crear un ambiente favorábel para o recoñecemento social do galego. Do mesmo xeito que unha planta ou un animal precisa dunhas condicións ambientais determinadas para se desenvolver, tamén así unha lingua que se encontre nunha situación minorizada, como lle ocorre ao galego necesita desas condicións. Por iso limitar a presenza do galego nun ámbito tan importante como é o científico e tecnolóxico contribúe a reforzar estereotipos do tipo "o galego non é apto para as matemáticas". Do mesmo xeito, priva ao alumnado da adquisición dun vocabulario específico en galego que terá moitas dificultades para poder adquirilo coa rigorosidade que este require fora da escola.

A competencia lingüística non é unha cuestión de horarios senón de resultados. O resultado de excluír o galego nas materias científicas implica que o alumnado galego non acade a competencia lingüística plena. E ademais recorta o dereito do profesorado de ciencias a impartir as aulas na lingua propia de Galiza, aspecto que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 11:31
Nº Rexistro: 46962
Data envío: 31/08/2010 11:31:35.654

tamén limita e pode chegar a ser demoledor para a normalización da lingua galega no facer científico galego.

O decreto 79/2010 limita dereitos do profesorado e priva ao alumnado da necesaria adquisición dun vocabulario extensión en lingua galega ao excluír un ámbito de coñecemento de grande transcendencia na actualidade. O decreto é claramente regresivo e incide de forma directa nas condicións laborais impondo unhas pautas de traballo que conculcan dereitos lingüísticos consagrados por normas de rango superior como a Lei de Normalización Lingüística ou a Carta Europea das Linguas rexionais ou minorizadas. Por último, cómpre lembrar que a respecto deste decreto, que quebra a progresividade de normalización lingüística, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) xa admitiu a trámite o recurso presentado pola Mesa pola Normalización Lingüística. Asemade, a propia RAG ou os sindicatos de ensino de Galiza tamén recorreron dito decreto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:


De que modo garantirá o Goberno galego o dereito do profesorado de ciencias a impartir as súas clases en galego tal como recolle a Lei de Normalización Lingüística e a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2010

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 11:31
Nº Rexistro: 46962
Data envío: 31/08/2010 11:31:35.654

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 31/08/2010 11:24:24

Bieito Lobeira Domínguez na data 31/08/2010 11:24:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 13:20
Nº Rexistro: 47003
Data envío: 31/08/2010 13:20:58.205

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, Alfredo Suárez Canal e María Tereixa Paz Franco, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, Presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre prazas de comedor escolar en Allariz.

Contrariamente ao que acontece na maioría dos concellos da Galiza interior en Allariz estase producindo un incremento demográfico. Iso deriva, entre outras cousas, en que este ano crecese a demanda de usuarios do comedor escolar do CEIP Padre Feijóo. Por parte do Concello e da comunidade educativa comunicouse, en tempo e forma, á Consellaría este particular, así como, a dispoñibilidade do Concello e dos pais e nais para participar na búsqueda dunha solución que significase un incremento que respondese á demanda de prazas de comedor escolar.

Curiosamente, a actitude da Consellería non foi de entrada buscar unha solución, senón unha desculpa coa que xustificar a negativa a incrementar as prazas de comedor. Inicialmente recorreuse, por parte da Consellaría a motivos orzamentarios para xustificar a negativa á ampliación. Como este argumento era difícil de soste, cando se gastan en propaganda e publicidade importantes recursos públicos, e cando mediaticamente o Presidente utiliza propagandísticamente que non haberá recortes en ensino e sanidade, e xa que logo “convén” evitar os feitos mais escandalosos que reiteradamente desmintan este discurso, a Consellaría recorreu a unha nova desculpa para resolver o problema, a carencia de terreos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 13:20
Nº Rexistro: 47003
Data envío: 31/08/2010 13:20:58.205

Parece claro que si realmente se quere demostrar que a crise non afectará sensiblemente aos servizos públicos esenciais como o ensino, o lóxico sería autorizar xa o incremento das prazas de comedor escolar onde a realidade social e demográfica poñen de manifesto esa necesidade e non buscar desculpas para impedilo, deixando ademais de manifesto que as políticas de apoio á conciliación da vida laboral e familiar non son unha prioridade para a Xunta.

Ante isto, queremos preguntar:

¿Pensa a Xunta incrementar as prazas de comedor escolar no CEIP Padre Feijóo de Allariz?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Alfredo Suárez Canal

María Tereixa Paz Franco

Deputadas e deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 31/08/2010 13:17:58

Alfredo Suárez Canal na data 31/08/2010 13:18:03



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2010 13:20
Nº Rexistro: 47003
Data envío: 31/08/2010 13:20:58.205

María Tereixa Paz Franco na data 31/08/2010 13:18:07



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 11:44
Nº Rexistro: 47021
Data envío: 01/09/2010 11:44:17.119

Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Jaime Castiñeiras Broz, Alejandro Gómez Alonso e José López Campos, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Estatuto de Galicia confírelle á Comunidade Autónoma a plena competencia en materia de política de vivenda. Non obstante no 2005 o Estado crea de xeito artificioso o Ministerio de Vivenda, coa finalidade de dirixir de xeito indirecto as iniciativas autonómicas nesta materia.

O intervencionismo estatal materialízase na implementación dos sucesivos Plan de Vivenda que de xeito plurianual, levan a condicionar as liñas de intervención e as estratexias en materia de vivenda de Galicia. En ditos plan os fondos estatais e os autonómicos fixan uns obxectivos e unhas liñas finalistas na programación orzamentaria das administracións estatal e autonómica.

O último Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, asinado no seu momento entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Vivenda, acorda uns fondos económicos e unhas liñas programáticas que, sen embargo e de xeito unilateral e sen ningún tipo de consenso, foron rachadas recentemente na última Conferencia Sectorial do Plan Estatal de Vivenda, ó pouco tempo de ser asinado dito Plan.

A pésima planificación do goberno socialista nesta materia ven a materializarse de facto nun recorte de 150 millóns de euros que Galicia deixará de recibir do Estado, e tamén nunha clarísima intromisión competencial, que denota claramente un descoñecemento das singularidades de Galicia en materia de vivenda, pois fai desaparecer liñas de especial importancia en Galicia, tales como as oficinas de rehabilitación na súa faceta de portelos únicos, ou das axudas directas para a compra de vivenda



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 11:44
Nº Rexistro: 47021
Data envío: 01/09/2010 11:44:17.119

protexida.

Tendo en conta que as políticas de vivenda son competencia exclusiva de Galicia, e que os gastos que supón manter unha estrutura ministerial vai en detrimento das axudas a percibir polos galegos e galegas que desexan acollerse ós obxectivos do Plan de Vivenda, é polo que se pregunta:

Cal é a valoración da Xunta de Galicia respecto ó recorte que o Ministerio de Vivenda ven de anunciar para o Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, que para Galicia implica a perda de máis de 150 millóns de euros?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Román Rodríguez González na data 01/09/2010 11:16:24

Jaime Castiñeira Broz na data 01/09/2010 11:16:46

Alejandro Gómez Alonso na data 01/09/2010 11:16:51

José Carlos López Campos na data 01/09/2010 11:16:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 13:35
Nº Rexistro: 47065
Data envío: 01/09/2010 13:35:17.910

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, Henrique Viéitez Alonso e María Teresa Táboas Veleiro, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, **presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Durante o verán de 2009 o Goberno galego asumiu unilateralmente as negociacións coas liñas de baixo custe. Afirmaba naquel momento o goberno, a través da Consellaría de Cultura e Turismo, que isto axudaría ao desenvolvemento dos tres aeroportos galegos xa que se poñería en marcha un Comité de Rutas Aéreas. O certo é que durante o ano 2010 o Goberno galego gastou a cantidade de 4,5 millóns de euros na promoción das liñas de baixo custe. Tres foron os novos destinos internacionais, nomeadamente, Bruxelas, Amsterdam e Zurich e a compañía beneficiaria desta adxudicación, Vueling. Esta decisión foi tomada sen que mediará un concurso público, de xeito unilateral por parte do Goberno galego e sen contar cos concellos implicados.

En Vigo a ruta elixida foi a de Vigo-Bruxelas. A piques de rematar a tempada estival o balance de pasaxeiros e operacións semella positivo xa que no mes de xullo se alcanzou unha ocupación do 67,18%. Aínda que Peinador foi aumentando progresivamente o número de pasaxeiros está aínda sen decidir se este destino se manterá.

Temos que ter presente que a competencia do aeroporto internacional de Sá Carneiro de Porto afecta de xeito prioritario ao aeroporto de Vigo. De aí que o



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 13:35
Nº Rexistro: 47065
Data envío: 01/09/2010 13:35:17.910

Concello de Vigo elaborara un Plan Estratéxico de Peinador que se lle presentou á Secretaria Xeral de Turismo para que puidera dar conta con posterioridade ao Comité de Rutas que é o organismo encargado de levar a cabo as negociacións.

O Plan aposta decididamente polo aumento das frecuencias con Barcelona, que suporía un crecemento de entre 50.000 e 60.000 pasaxeiros ao ano, así como manter os voos con Madrid, Bilbao e Valencia e potenciar as conexións coas Illas Canarias. Neste sentido, un dos obxectivos é manter as liñas con Bilbao e Valencia afondando nas negociacións con Air Nostrum. A liña a Bilbao considérase sumamente interesante, posto que se trata dunha liña tanto de turismo como de negocios que poderían supoñer un incremento de 20.000 pasaxeiros.

Respecto ás conexións internacionais, o Plan presentado inclúe o reto de incrementar a frecuencia con París, manter a liña con Londres e implantar un novo voo a Munich, ademais do de Bruxelas. Sen embargo, para cumprir estes obxectivos é fundamental que a Xunta se implique decididamente e até o momento as liñas descritas no Plan non foron abordadas nin se están abordando nin pola Xunta nin polo Comité de Rutas

Ante esta situación, fórmase a seguinte pregunta:

Pensa o Goberno galego contribuír ao desenvolvemento do Plan Estratéxico de Peinador elaborado pola Concellaría de Turismo de Vigo?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2010



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 13:35
Nº Rexistro: 47065
Data envío: 01/09/2010 13:35:17.910

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Henrique Viéitez Alonso

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 01/09/2010 13:12:25

Henrique Viéitez Alonso na data 01/09/2010 13:12:34

Teresa Táboas Veleiro na data 01/09/2010 13:12:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 47079
Data envío: 01/09/2010 14:09:51.584

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Teresa Táboas Veleiro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa ao apoio da Xunta a unha das candidaturas que optaron á dirección do Centro Galego de Buenos Aires.

Utilizando unha foto do candidato co presidente da Xunta coas bandeiras galega e española de fondo, a propaganda da candidatura (derrotada) encabezada por José Luís Seoane non se recatou en asegurar que contaban “en su accionar con el respaldo moral y económico del Gobierno de la Xunta de Galicia”.

Diante desta afirmación, fórmulase a seguinte cuestión:

Que apoio económico facilitou a Xunta de Galiza á candidatura encabezada por D. José Luís Seoane para a presidencia do Centro Galego de Buenos Aires?

Santiago de Compostela, a 1 de setembro de 2010

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG

Teresa Táboas Veleiro

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2010 16:30
Nº Rexistro: 47079
Data envío: 01/09/2010 14:09:51.584

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 01/09/2010 14:08:50

Teresa Táboas Veleiro na data 01/09/2010 14:08:56

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, deputado pertencente o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

O pasado 10 de xullo de 2009, a Consellería de Educación acordaba cos sindicatos docentes FETE-UGT, CCOO, ANPE e STEG os criterios que determinarían o agrupamento de alumnado de diferentes niveis, cursos ou ciclos tanto de educación infantil como de educación primaria.

O documento asinado foi trasladado por parte da Consellería de Educación á opinión pública como un importante éxito e que respondía a unha actuación do goberno para non crear agravios comparativos no rural, na Galicia interior.

Obviamente os sindicatos asinantes rebaixaban con moito as soflamas do Conselleiro de Educación aseverando que coa firma do citado texto trataban de evitar peches masivos de aulas en Galicia.

Dende o primeiro momento a Consellería de Educación tratou de evitar cumprir os compromisos acordados. Os sindicatos denunciaron dende o primeiro momento irregularidades coas que a Xunta tentaba non acometer o incremento de unidades pactado, por exemplo denominando novas unidades a aulas que xa estaban en funcionamento o curso anterior.

De todas formas, e pese a todo, o que ninguén esperaba é que a Consellería de Educación tivera a intención de rachar os seus compromisos para o curso 2010-11. Así, de forma unilateral, a administración educativa, na comisión de seguimento celebrada o pasado 9 de xullo de 2010, anunciaba que non pensaban cumprir coa segunda fase do acordo correspondente ao curso 2010-11. Unha decisión que implica na práctica non asumir á creación do 50% restante de novas unidades de infantil e primaria comprometidas no texto asinado, aproximadamente 80 unidades de nova creación e preto dun centenar de prazas docentes.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, o deputado asinante formula a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que valoración fai o conselleiro de Educación do incumprimento no curso 2010-11 dos compromisos acadados entre a propia administración educativa e as organizacións sindicais asinantes relativos ao agrupamento de alumnado de diferentes niveis, cursos ou ciclos tanto de educación infantil como de educación primaria?

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2010

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 01/09/2010 14:26:57



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 10:44
Nº Rexistro: 47161
Data envío: 02/09/2010 10:44:07.558

Á Mesa do Parlamento

Jesús A. Goldar Güimil, Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez Arias, Marta Valcárcel Gómez, Ignacio López-Chaves Castro, Román Rodríguez González e Alejandro Gómez Alonso, Deputadas e Deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Técnicos do organismo autónomo Augas de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas visitaron recentemente os cauces dos Ríos Umia e Bermaña, nos tramos que discorren polo casco urbano do concello de Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra.

O motivo desta visita foi o de observa-lo estado destes ríos coa fin de estuda-la posibilidade de proceder a súa limpeza superficial xa que, con motivo da proliferación da maleza e da constante sedimentación fluvial, estase a producir un lento e progresivo estreitamento dos seus respectivos cauces.

Polo exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o organismo autónomo Augas de Galicia acometer tarefas de limpeza nos tramos urbanos dos cauces dos Ríos Umia e Bermaña, no concello pontevedrés de Caldas de Reis?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 02/09/2010 10:40:21

Rosa Oubiña Solla na data 02/09/2010 10:40:24

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



***Grupo Parlamentario
Popular de Galicia***



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 10:44
Nº Rexistro: 47161
Data envío: 02/09/2010 10:44:07.558

Marta Rodríguez Arias na data 02/09/2010 10:40:28

Marta Valcárcel Gómez na data 02/09/2010 10:40:32

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 02/09/2010 10:40:39

Román Rodríguez González na data 02/09/2010 10:40:43

Alejandro Gómez Alonso na data 02/09/2010 10:40:47



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Jesús A. Goldar Güimil, Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez Arias, Marta Valcárcel Gómez, Ignacio López-Chaves Castro, Román Rodríguez González e Alejandro Gómez Alonso, Deputadas e Deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Técnicos do organismo autónomo Augas de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, visitaron recentemente, a petición dos veciños da parroquia de Bemil, no concello pontevedrés de Caldas de Reis, o estado do cauce do Río Follente, que atravesa a devandita parroquia ata a súa confluencia co Río Bermaña, xa no contorno do núcleo urbano deste Concello.

O motivo desta visita foi o de comprobar in situ as reclamacións efectuadas polos habitantes deste núcleo de poboación que en numerosas ocasións lle trasladaran as súas queixas ao Concello, sen que por parte dos seus responsables foran quen de lle proporcionar solución de ningunha clase, nin tan sequera de trasladar esas queixas ao organismo autónomo competente por razón da materia.

Así as cousas, os técnicos de Augas de Galicia puideron testemuñar que as numerosas pontes que cruzan este afluente do Río Umia están na actualidade e dende hai anos invadidas de maleza, ademais da existencia de gran cantidade de troncos que obstrúen os vanos, provocando con elo un estreitamento do propio cauce o que supón un importante risco de enchentes para cando chegue o período invernal.

Polo exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 10:44
Nº Rexistro: 47162
Data envío: 02/09/2010 10:44:36.323

Vai atender o organismo autónomo Augas de Galicia os lexítimos requirimentos dos veciños afectados?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 02/09/2010 10:41:21

Rosa Oubiña Solla na data 02/09/2010 10:41:24


Marta Rodríguez Arias na data 02/09/2010 10:41:28

Marta Valcárcel Gómez na data 02/09/2010 10:41:32

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 02/09/2010 10:41:38

Román Rodríguez González na data 02/09/2010 10:41:43

Alejandro Gómez Alonso na data 02/09/2010 10:41:47

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Francisco Cerviño González e Carmen Acuña do Campo, deputados e deputadas pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

Recentemente téñense producido protestas ante a Consellería de Educación, por parte do colectivo de docentes implicados, respecto dos cambios de criterios para a elaboración das listaxes de interinidades e substitucións. Este cambio da normativa denunciado non afecta a aqueles interinos que xa figuran no sistema, pero si a aqueles que contan con posibilidades de entrar no curso 2010-11.

Concretamente, de cara ao curso 2010-11, a Consellería de Educación ten comunicado que na confección das listaxes de interinidades e substitucións unicamente se terá en conta a nota da oposición.

Temos que recordar que o criterio utilizado ata agora, era o conxunto da nota do concurso-oposición o que viña sendo empregado para establecer a orde de preferencia. Isto é, tíñase en conta o conxunto resultante da nota da oposición máis os méritos presentados en función do actual marco normativo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que valoración se fai dende a Consellería de Educación do cambio de criterio introducido cara ao curso 2010-11 respecto da confección das listaxes de interinidades e substitucións para aqueles docentes de nova entrada no sistema educativo?

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2010

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo


Concepción Burgo López

Francisco Cerviño González

Carmen Acuña do Campo

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:


Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 02/09/2010 10:18:18

María Concepción Burgo López na data 02/09/2010 10:18:23

Francisco Cerviño González na data 02/09/2010 10:18:29

María Carmen Acuña Docampo na data 02/09/2010 10:18:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Álvarez e M^a José Caride Estevez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

Dende o nomeamento da Sra. Porro como presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo, o porto converteuse nun instrumento electoral do Partido Popular e da súa candidata a alcaldía de Vigo, proclamada como tal polo presidente Feijoo o mesmo día dese nomeamento.

O balance que presenta o porto de Vigo dende ese momento ata a actualidade e ben coñecido, paralización partidista dalgúns dos proxectos que se desenvolvían no porto, uns resultados lamentables en termos de tráfico, tanto de mercancías como de pasaxeiros, e a imputación de Corina Porro, por un tema relevante, un delito penal de prevaricación.

A primeira medida que tomou a Sra. Porro dende a súa chegada ao porto foi a paralización dun dos proxectos máis estratéxicos do futuro de Vigo, o Plan Nouvel, paralizando un plan estratéxico que garantía o futuro da autoridade portuaria sen aportar ningunha alternativa.

Ademais a súa nula xestión está deixando ao porto de Vigo ao borde dos números vermellos. No ano 2009 e no que vai de 2010 os tráficos portuarios caeron moito mais ca media de Galicia e de España. O Porto de Vigo está a retroceder 10 veces máis que o conxunto da economía.

Ademais, a Sra. Porro vén de botar literalmente pola borda o proxecto da *Autopista do Mar* con cabeceira en Vigo. Temos que recordar aquí que a Autopista do Mar con cabeceira en Xixón ponse en marcha a principios de setembro de 2010, e no caso de Vigo, a paralización é total, demostrando que a presidenta da Autoridade Portuaria non está capacitada para xestionar a saída á problemática actual.



Grupo Parlamentario

Ante este cúmulo de problemas que están a afectar o porto de Vigo, e polo tanto a actividade económica da cidade, da súa área urbana e de todo Galicia, os deputados e deputada asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Pleno.

Cal é a valoración que fai o Goberno galego das actuacións e da xestión da Sra. Corina Porro ao fronte da Autoridade Portuaria de Vigo?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro de 2010


Asdo.: Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Álvarez
M^a José Caride Estevez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 02/09/2010 11:02:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/09/2010 11:03:08

María José Caride Estévez na data 02/09/2010 11:03:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 11:23
Nº Rexistro: 47229
Data envío: 02/09/2010 11:23:23.185

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa á falta de cobertura da demanda de prazas públicas de ensino infantil de 0 a 3 anos.

Cando o pasado 1 de Setembro comezou o curso nas escolas públicas de ensino infantil máis de 5000 familias galegas ficaron sen praza para os seus fillos, quedándolles só como única alternativa a familia ou o recurso a centros privados. Contodo a resposta da Xunta, através do aínda xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB), non foi a de adiantar a abertura dos centros que o goberno anterior deixou construídos e que o PP foi incapaz de equipar e dotar de persoal ou, aínda, de programar o cumprimento dos protocolos asinados cos Concellos para a construción de novos centros públicos de ensino infantil mais a de arremeter contra o goberno por ter construído Galescolas en concellos do rural -cuxa oferta de prazas, seica, non se cobre- e ofrecer un cheque escolar para que 1200 familias envíen os seus cativos a centros privados.

Así as cousas, e dado que faltan poucos meses para a liquidación do Consorcio, non se avanzou nada na comprometida transferencia do ensino infantil á Consellaría de Educación e a Xunta segue sen se comprometer a dar cumprimento á construción dos centros públicos de ensino infantil comprometidos nos protocolos asinados cos Concellos, fórmulase a seguinte cuestión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 11:23
Nº Rexistro: 47229
Data envío: 02/09/2010 11:23:23.185

Que previsións manexa a Xunta para o cumprimento dos protocolos asinados entre o CGSIB e os Concellos para a construción de novos centros públicos de ensino infantil?

Santiago de Compostela, a 2 de Setembro de 2010

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 02/09/2010 11:21:45



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 12:43
Nº Rexistro: 47234
Data envío: 02/09/2010 12:43:41.046

Á Mesa do Parlamento

Fernando Xabier Blanco Álvarez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**.


No ano 2006, comunicóuselle ao Concello de Antas de Ulla a aprobación do proxecto “Centro de Ecoloxía Aplicada” cun orzamento de 400.000 euros, dos cales, 300.000 eran fondos europeos. Este proxecto ten atravesado por diferentes situacións, algunhas certamente escuras na súa tramitación, sen que até este intre se teña posto en marcha. Como queira que afecta á xestión de fondos europeos, e para garantir que se cumpran con todos os requisitos que marca a Lei e non repercuta nunha mala imaxe de Galiza na xestión dos mesmos, é polo que presentamos a seguinte pregunta:

Ten a Xunta de Galiza coñecemento dalgunha irregularidade na tramitación do Proxecto do Concello de Antas de Ulla “Centro de Ecoloxía Aplicada”?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2010.

Asdo.: Fernando Blanco Álvarez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 12:43
Nº Rexistro: 47234
Data envío: 02/09/2010 12:43:41.046

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 02/09/2010 12:26:30



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 12:46
Nº Rexistro: 47237
Data envío: 02/09/2010 12:46:24.403

Á Mesa do Parlamento

Fernando Xabier Blanco Álvarez e María Tereixa Paz Franco, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno.**

Estes días os gandeiros galegos están recibindo información verbal desde as Oficinas Agrarias Comarcais anunciándolles unha serie de cambios no que respecta ao sistema de identificación e rexistro do gando bovino.

Neste momento, aínda que tamén se podía xestionar nos locais das Oficinas Comarcais, a maioría estíbbase facendo a través dos veterinarios identificadores que acudían ás explotacións para poñer o crotal aos animais e ao mesmo tempo, para dar de alta os distintos movementos que se produzan nestas explotacións como o nacemento, compra-venda ou morte dun animal.

A presenza dos veterinarios nas explotacións facilitaba moito a labor aos gandeiros, pois colaboraban para anotar correctamente no libro de explotación e favorecía un control e seguimento moito máis rigorosos e axeitado.

Segundo as informacións que están difundindo desde as Oficinas Comarcais, os cambios irían por suprimir a visita dos veterinarios ás explotacións (só se achegarian para facer inspeccións periódicas) quedando a identificación, rexistro e anotacións dos animais no libro de explotación unicamente a cargo dos gandeiros, sen asesoramento nin control directo por parte da administración. De confirmarse estes



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 12:46
Nº Rexistro: 47237
Data envío: 02/09/2010 12:46:24.403

cambios, a maioría das xestións administrativas terían que facelas a través dunha Oficina Agraria Virtual da Xunta.

Esta medida, en concellos como os da Montaña de Lugo, suporía un grave prexuízo para moitos gandeiros, pois a maioría das explotacións aínda non teñen acceso a Internet, o que os obrigaría a trasladarse á Oficina Comarcal para uns trámites ou chamar ao teléfono 012 da Xunta para outros, cada vez que naza, morra, venda ou compre un animal, aumentando deste xeito, o custe e o tempo de atención á explotación.

A maiores, as consultas feitas polos gandeiros diante da Consellaría do Medio Rural non lles aclararon nada de como nin cando pensa a Xunta de Galiza efectuar estes cambios.

Polo anterior, preséntase a seguinte pregunta:


Que cambio pretende facer a Consellaría do Medio Rural no sistema de identificación, rexistro e control das explotacións gandeiras.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

María Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 12:46
Nº Rexistro: 47237

Data envío: 02/09/2010 12:46:24.403

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 02/09/2010 12:39:43

María Tereixa Paz Franco na data 02/09/2010 12:39:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 12:50
Nº Rexistro: 47240
Data envío: 02/09/2010 12:50:39.148

Á Mesa do Parlamento

Fernando Xabier Blanco Álvarez e María do Carme Adán Villamarín, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno.**

Nos derradeiros anos, durante a tempada de verán, contratouse unha empresa de seguridade para o Camiño Francés, co obxectivo de que velara pola seguridade dos peregrinos e o mantemento das normas nos albergues do Camiño a Santiago de Compostela. Isto permitiu unha mellora na conflitividade que se puidera ocasionar como consecuencia do incremento dos visitantes, nomeadamente nas datas dos meses de Xullo e Agosto.

Parece sorprendente que sexa precisamente neste ano 2010 cando se suprima esta seguridade, co lóxico incremento de visitantes ao tratarse dun Ano Santo.


Polo anterior, preséntase a seguinte Pregunta:

Cal é a razón para suprimir a seguridade contratada para o Camiño Francés a Santiago nos meses de verán?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2010.

Asdo.: Fernando Blanco Álvarez

María do Carme Adán Villamarín



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2010 12:50
Nº Rexistro: 47240
Data envío: 02/09/2010 12:50:39.148


Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 02/09/2010
12:22:18

María do Carme Adán Villamarín na data 02/09/2010
12:22:27



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....
Sonia Verdes Gil e Abel Losada Álvarez, deputada e deputado
pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do
disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a
seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

.....
Investigadores do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), denunciaban o
pasado mes de xullo diversos danos nun xacemento arqueolóxico, provocados
polas obras que estaba a levar a cabo a Consellería do Medio Rural nunha pista
forestal en Oia.

Con anterioridade resultara danado un petroglifo en forma de barco en Río
Vilar, na parroquia de Pedornes, en Oia, e o petroglifo dos Vermús, pertencente
ao conxunto arqueolóxico de Auga da Laxe, na parroquia de Vincios en
Gondomar, tamén resultaba danado a causa dunha gabiá aberta pola Consellería
do Medio Rural.

Posteriormente e en apenas 7 días, os arqueólogos descubrían os danos no
achado prehistórico inventariado como Achado do Alto da Cunchada, cuns 5.000
anos de antigüidade, segundo a ficha de catalogación, cando as máquinas que
traballaban na ampliación dunha pista forestal pasaban por riba do xacemento,
da parroquia oiense de Lourenzá, enmarcado nas Chans da Valga, dun importante
valor arqueolóxico.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes
preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

Contaban as obras de ampliación da pista forestal que estaba a levar a cabo
a Consellería do Medio Rural entre A Valga e o Rosal na parroquia oiense de
Loureza, coas preceptivas autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio?


Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
Abel Losada Álvarez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:


Sonia Verdes Gil na data 02/09/2010 17:25:08



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/09/2010 17:25:31

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal, Ismael Rego González, Beatriz Sestayo Doce e Sonia Verdes Gil, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta urxente oral en Pleno**.

O 20 de maio do ano no que andamos, a consellería responsable das infraestruturas de comunicación comunica a execución de obras de emerxencia no viaduto da Ramadela na autovía AG – 64 entre Igrexafeita e As Somozas.

Segundo se pon de manifesto no comunicado oficial, foi o XOPA (Sistema de Xestión de Obras de Paso) quen detectou problemas nas xuntas de dilatación do referido viaduto que fixeron necesaria unha pronta intervención, ademais se procedería tamén a redactar o oportuno proxecto de reparación para efectuar as obras necesarias de xeito definitivo.

Resulta sorprendente que unha actuación destas características e que foi inaugurada polo que é hoxe presidente da Xunta de Galicia, precise en cinco anos dunhas obras deste calado, unhas obras que resolvan un problema estrutural no mencionado viaduto.

Un viaduto de 240 metros que está encadrado no treito Igrexafeita – Espiñaredo e que no ano 2003 foi licitado por importe de preto de 40 millóns de euros. Unhas obras que resulta chocante que estean en tan pouco tempo deterioradas e que puideron supoñer un perigo certo para o tráfico rodado.

Xa pasaron tres meses e esta arteira fundamental para a comunicación segue estando parcialmente cortada. En relación con esta cuestión e co ánimo de transparentar a actuación da Consellería á hora de resolver este problema que veñen soportando dende fai tempo os usuarios desta infraestrutura, os deputados e deputadas asinantes vimos a formular as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:



Grupo Parlamentario

Que responsabilidades se derivan das obras de urxente reparación que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está a executar no viaduto de Ramadela encravado no treito Igrexafeita – Espiñaredo da autovía Ferrol – Vilalba (AG-64) inaugurado en xuño de 2005, sendo daquela Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial da Xunta de Galicia D. Alberto Núñez Feijóo?

Parlamento de Galicia, 1de setembro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

Ismael Rego González

Beatriz Sestayo Doce

Sonia Verdes Gil

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 01/09/2010 10:25:14

Ismael Rego González na data 01/09/2010 10:25:22

Beatriz Sestayo Doce na data 01/09/2010 10:25:29

Sonia Verdes Gil na data 01/09/2010 10:25:34

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727